

CENTRO: IES DE CARRAL

PROGRAMACIÓN

DIDÁCTICA **FRANCÉS**

CURSOS:

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO.

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA: 1º ESO, 2º ESO, 3º ESO, 4º ESO.

REFORZO ORAL SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA 1º ESO

ANO ACADÉMICO 2021/2022

ÍNDICE

APARTADOS	PÁXINA
A) INTRODUCCIÓN.	1
B) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. CONCRECIÓN QUE RECOLLA A RELACIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.	3
C) CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.	9
D) CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: 1º. TEMPORALIZACIÓN. 2º. GRAO MÍNIMO DE CONSECUCIÓN. 3º. PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.	11
E) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.	39
F) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS QUE SE VAIAN UTILIZAR.	40
G) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN.	41
H) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.	44
I) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMIENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES, DE SER O CASO.	45
J) ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.	46
K) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUCENCIA DOS SEUS RESULTADOS.	47
L) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.	49
M) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.	50
N) ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.	53
Ñ) MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA.	54
O) ANEXOS: ANEXO I: ORIENTACION TDAH ANEXO II: ENSINO NON PRESENCIAL	55

A) INTRODUCCIÓN

O IES de Carral é un centro creado en 2015 situado na localidade de Carral na provincia de A Coruña. O Municipio de Carral atópase na parte centro-norte da comarca setentrional da provincia da Coruña, a 17 quilómetros da capital provincial, e delimitando co Concello de Cambre polo norte, con Ordes ó sur, Abegondo ó leste, Cerceda ó oeste e co municipio de Culleredo no noroeste. Ocupa unha superficie total de 48 Km², que representa o 0,6% da provincia.

CENTROS ADSCRITOS: CEIP Vicente Otero Valcárcel.

ENSINANZAS QUE OFERTA: Educación secundaria obrigatoria.

CARACTERÍSTICAS: O espazo distribúese en dúas plantas con 12 aulas de Educación Secundaria Obrigatoria, unha biblioteca, un laboratorio, unha aula de Tecnoloxía, unha Aula de Plástica, unha sala de profesores, 5 seminarios e un ximnasio, entre outras dependencias.

ALUMNADO: O alumnado do centro pertence a familias cun nivel socio-económico medio-baixo. Hai alumnado moi diverso: con TDAH, con altas capacidades, con dificultades para a aprendizaxe, con ACI e con desfase curricular. A porcentaxe de alumnado inmigrante é baixo.

DATOS DO DEPARTAMENTO de FRANCÉS

XEFA DO DEPARTAMENTO: María Rey Criado

DOCENTES: María Rey Criado, Eladio Montero Fernández.

GRUPOS, ALUMNADO, MATERIAS E Nº DE HORAS:

MATERIA	NIVEL	HORAS SEMANAIS	Nº GRUPOS	TOTAL HORAS SEMANAIS POR NIVEL	TOTAL HORAS FRANCÉS
1ª LINGUA ESTRANXEIRA	1ºESO	3	1	3h/semana	12h
	2ºESO	3	1	3 h/semana	
	3ºESO	3	1	3 h/semana	
	4ºESO	3	1	3 h/semana	
2ª LINGUA ESTRANXEIRA	1ºESO	2	3	6 h/semana	17h
	2ºESO	2	3	6 h/semana	
	3ºESO	2	1	2 h/semana	
	4ºESO	3	1	3 h/semana	
REFORZO ORAL 2ª LINGUA EST.	1ºESO	1	3	3 h/semana	3h
					32h

Reparto das horas de francés entre os docentes do departamento:

MATERIA	GRUPO	DOCENTES
FR 1	1º ESO	Eladio Montero Fernández
	2º ESO	María Rey Criado
	3º ESO	María Rey Criado
	4º ESO	María Rey Criado
	1º ESO A	Eladio Montero Fernández
	1º ESO B	Eladio Montero Fernández

FR 2	1º ESO C	Eladio Montero Fernández
	2º ESO A	María Rey Criado
	2º ESO B	María Rey Criado
	2º ESO C	María Rey Criado
	3º ESO	María Rey Criado
	4º ESO	María Rey Criado
REFORZO ORAL	1º ESO A	Eladio Montero Fernández
	1º ESO B	Eladio Montero Fernández
	1º ESO C	Eladio Montero Fernández

Profesor auxiliar de conversación: Paul Rouxel

Para o presente curso, esperamos a chegada dun auxiliar de conversa que comparte a asistencia ao noso centro co IES Eusebio da Guarda da Coruña. O seu horario de traballo será determinado no seu momento, atendendo ás circunstancias e os protocolos establecidos segundo a situación socio-sanitaria.

B) CONTRIBUCIÓN AO DESENVOLVEMENTO DAS COMPETENCIAS CLAVE. ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS.

As competencias clave son aquelas que todas as persoas precisan para a súa realización e o seu desenvolvemento persoal, así como para a cidadanía activa, a inclusión social e o emprego.

Preténdese que o alumnado adquira unhas determinadas competencias básicas; a adquisición das mesmas levarase a cabo de forma progresiva e de xeito integrador nos distintos cursos da ESO. Os obxectivos e contidos establecidos ao longo das etapas da ESO perseguen asegurar o desenvolvemento destas competencias.

Asemade os criterios de avaliación destas etapas constitúen os referentes para valorar o progreso na adquisición das mesmas.

Á marxe do aspecto lingüístico, a aprendizaxe da lingua francesa favorece a formación noutros ámbitos xa que é un vehículo que axuda á comprensión de distintas situacións e á integración nun mundo que, na actualidade é multilingüe.

De aí que, dentro das competencias básicas necesarias na aprendizaxe da lingua francesa, caiba destacar as seguintes:

Competencia en comunicación lingüística:

Esta competencia refírese á habilidade para se expresar tanto de xeito oral como escrito, atendendo a distintos rexistros, situacións e funcións. Tanto a expresión escrita como a oral son vehículos que permiten observar a progresión do alumnado xa que consiste na aplicación práctica dos conceptos de aprendizaxe.

A aprendizaxe da lingua estranxeira mellora a competencia comunicativa xa que é necesaria a utilización de convencións e a linguaxe apropiada a cada situación, para interpretar diferentes tipos de discursos. A adquisición desta competencia implica a posibilidade de se coñecer e de se comunicar con falantes doutros países, enriquecendo así as relacións sociais. O uso funcional da lingua estranxeira facilita o acceso a distintas fontes de información, comunicación e aprendizaxe.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía:

A aplicación dos conceptos e do razoamento matemáticos á vida cotiá resulta imprescindible na sociedade de hoxe en día. O coñecemento sobre números e as súas operacións básicas, símbolos e as formas de expresión e de razoamento matemático axudan a adquisición desta competencia e así, producir e interpretar informacións.

Asemade, adquirir competencias en ciencia e tecnoloxía contribúe a unha interacción responsable co mundo que nos rodea, desenvolvendo criterios éticos, interese pola ciencia e unha actitude responsable fronte á conservación dos recursos naturais e ambientais.

No sendo fundamental no proceso de aprendizaxe do francés, esta competencia precísase, non só nas actividades centradas nos números senón tamén nas actividades de dedución, non numéricas, xa que a competencia matemática é tamén a aptitude para desenvolver e aplicar un razoamento matemático para chegar a resolver diferentes problemas.

Competencia dixital:

Nun contorno eminentemente tecnolóxico, a lingua francesa facilita e promove o uso e aplicación das TIC de xeito sinxelo e en ámbitos diversos (e-mails, blogs, chats, vídeo conferencias,...) nunha era na que existe a posibilidade de se comunicar en

tempo real con calquera parte do mundo. A utilización da tecnoloxía acentúa a comprensión lectora, a produción escrita e permite ampliar os coñecementos, sempre que a súa utilización sexa con fins didácticos. Asemade, a utilización de recursos dixitais forma parte do proceso de aprendizaxe.

O feito de que o alumnado poida observar a aplicación da lingua francesa en contextos tecnolóxicos, tanto na aula coma fóra dela, fai posible que este alumnado experimente o lado práctico dunha lingua.

A competencia dixital está no centro da aprendizaxe do francés co uso e manexo da aula virtual, do manual dixital interactivo, coa busca de información en internet para preparar as súas presentacións e co intercambio en liña. Ademais anímase ao alumnado a que reflexione e exerza o seu espírito crítico sobre o papel e os perigos das ferramentas dixitais.

Competencias social e cívicas:

As linguas son vehículos de comunicación e transmisión cultural polo que favorecen o respecto e interese polos distintos contornos así como o intercambio de información persoal. Estes feitos están intimamente relacionados co proceso de traballo que se está a seguir dentro da aula, xa que fomenta a participación e o traballo cooperativo en parellas ou grupos. A diversidade na forma de traballar fomenta a participación, a expresión de ideas, o intercambio de puntos de vista, a elaboración de distintas situacións e, en definitiva, a convivencia e é un mecanismo para reforzar a identidade dos interlocutores. A lingua estranxeira convértese nun vehículo inmejorable para favorecer o respecto, o interese e a comunicación con falantes doutras linguas e recoñecer outras culturas, os seus comportamentos e o achegamento a culturas francófonas e á realidade multicultural.

Os códigos de conducta a respectar na vida colectiva de forma xeral son os mesmos que os que se deben respectar na clase. No día a día o alumnado debe respectar as regras de cortesía, saudarse, respectar as quendas de palabra, escoitar aos demais, respectar os seus esforzos para facerse entender a pesares das dificultades da lingua...

A través das actividades, aprenden a respectar as nocións fundamentais do individuo, do grupo, da organización do traballo, da igualdade entre homes e mulleres e da non discriminación, de sociedade e de cultura. O descubrimento dunha realidade diferente á súa, a do mundo francófono dálles a oportunidade de exercer unha actitude aberta e tolerante.

Conciencia e expresións culturais:

Esta competencia supón coñecer, comprender, apreciar e valorar de xeito crítico diferentes manifestacións culturais e artísticas. A aprendizaxe da lingua estranxeira colabora no desenvolvemento desta competencia mediante producións lingüísticas con un certo compoñente cultural. A lingua é un vehículo que facilita tanto a expresión e a comunicación coma a percepción, comprensión e enriquecemento que as diferentes realidades e producións do mundo da arte e da cultura proporcionan.

Deste xeito, para desenvolver a sensibilidade artística o alumnado vai descubrir algúns elementos do patrimonio cultural francófono, incorporados nas actividades e que forman parte do día a día da clase como son a literatura, os cómics, a poesía, o teatro, a música, o cine ou a pintura.

Competencia para aprender a aprender:

A aprendizaxe dunha lingua estranxeira se optimiza se se inclúen contidos directamente relacionados coa reflexión sobre a propia aprendizaxe, identificando as estratexias que a fan mais eficaz, e os métodos que axudan a melloralala. Todo isto comporta a conciencia de capacidades necesarias, tales como a memoria, a comprensión, a expresión lingüística e a propia motivación que implica o logro da aprendizaxe.

A competencia que permite aprender a aprender é o centro da aprendizaxe do francés, debido a que é a base do progreso e da motivación. A variedade de materiais e actividades están destinados a facer que o alumnado comprenda que non hai unha soa forma de entender a linguaxe e aprender. A variedade de formatos destinados á avaliación (xogos, balances orais/ escritos, avaliacións por competencias) ten a mesma finalidade: independentemente do valor eventual sumativo, teñen un valor formativo xa que permite ao alumnado coñecer cales son as súas estratexias de aprendizaxe favoritas, cales son os puntos fortes e os puntos débiles das súas aptitudes e cualificacións.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

O currículo da lingua francesa fomenta o traballo cooperativo na aula, o manexo de recursos persoais pondo en marcha certos procedementos que permiten o desenvolvemento de iniciativas. Nun ambiente social como é a aula, incentívase o aprender dos compañeiros, dos erros propios e alleos e da variedade que ofrece o contorno. Propíciase a toma de iniciativas e a elaboración, planificación e xestión do traballo.

O alumnado cando realiza un proxecto en grupo, debe organizarse e negociar para repartirse as tarefas ao principio e durante cada etapa (preparación, realización exposición). Cada un mobiliza as súas capacidades para contribuír ao resultado común.

CONCRECIÓN DOS ESTÁNDARES DE APRENDIZAXE AVALIABLES DA MATERIA QUE FORMAN PARTE DOS PERFÍS COMPETENCIAIS

Comunicación lingüística

Comprende a idea principal e información específica en mensaxes orais, transmitidas de viva voz ou por medios técnicos, transaccións e xestións cotiás do ámbito persoal, público, académico e profesional.

Comprende os puntos principais e detalles relevantes de conversas formais e informais.

Identifica as ideas principais e información relevante de presentacións, charlas, exposicións ou noticias.

Distingue trazos sonoros, acento, ritmo e entoación en contextos variados e identifica a súa intención comunicativa.

Utiliza estratexias para comprender a idea global ou inferir significados non explícitos nun texto oral.

Utiliza recursos lingüísticos como a paráfrase ou a explicación para entender e facerse entender.

Utiliza a lingua estranxeira nas actividades da aula.

Realiza presentacións orais, ben estruturadas e responde a preguntas que se lle poidan formular sobre as súas presentacións.

Desenvólvese en transaccións e xestións cotiás de forma correcta.

Participa en intercambios comunicativos en contextos habituais, e en conversacións sobre temas variados con fluidez e precisión.

Exprésase correctamente en conversas nas que participa, utilizando estruturas axeitadas e unha pronuncia clara e comprensible.

Ten conciencia das convencións sociais, dos valores e aspectos culturais e da versatilidade da linguaxe en función do contexto e da intención comunicativa.

Identifica a información relevante de instrucións, indicacións ou normas.

Comprende o sentido xeral e detalles específicos de textos en diferentes soportes.

Comprende información relevante en correspondencia de carácter formal e informal en diferentes soportes.

Localiza información específica esencial en material de referencia e estudo.

Busca, recompila e procesa información para comprender, compoñer e utilizar distintos tipos de texto, con intencións comunicativas ou creativas diversas.

Entende as ideas principais de textos xornalísticos, literarios ou de ficción en diferentes soportes. Infíre significados a partir do contexto.

Valora a lectura como fonte de pracer e de coñecemento.

Utiliza estratexias de planificación, textualización, revisión e versión final para compoñer textos.

Completa formularios, cuestionarios ou impresos con información persoal, en diferentes soportes.

Escribe notas, mensaxes, anuncios, posts e correspondencia formal e informal con información relevante e opinións persoais.

Escribe textos de certa complexidade utilizando un léxico adecuado, convencións ortográficas, de puntuación e formato correctos e ben estruturados, en diferentes soportes.

Recoñece os elementos culturais mais relevantes dos países onde se fala a lingua estranxeira, e establece relacións entre eles e os da seu propia cultura.

Comprende e utiliza os recursos lingüísticos propios do seu nivel.

Domina as estruturas morfo-sintácticas e discursivas necesarias para comprender e expresarse.

Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado.

Competencia matemática e competencias básicas en ciencia e tecnoloxía

Coñece, utiliza e relaciona os números na lingua estranxeira.

Ordena e clasifica datos atendendo a un criterio.

Interpreta e representa datos estatísticos en gráficas e táboas. Resolve crebacabezas, encrucillados, adiviñas ou sopas de letras.

Mostra respecto polo contorno natural e animal.

Aplica estratexias propias do método de investigación científica.

Obtén información de forma empírica.

Mostra interese por coñecer algúns elementos culturais ou xeográficos

Competencia dixital

Utiliza as tecnoloxías da información e a comunicación como elemento esencial para informarse, aprender e comunicarse.

Obtén información en Internet para a resolución de tarefas en francés.

Realiza presentacións e proxectos en francés utilizando diferentes soportes e ferramentas dixitais. Estuda e practica o francés en soporte dixital.

Utiliza as TIC para establecer relacións sociais de xeito responsable.

Aprender a aprender

Utiliza o coñecemento dalgúns aspectos formais do código da lingua estranxeira (morfoloxía, sintaxe e fonoloxía), en diferentes contextos de comunicación, como instrumento de aprendizaxe.

Aplica os coñecementos do sistema lingüístico específicos da lingua estranxeira (fonéticos, léxicos, estruturais e funcionais) para que as producións de textos orais sexan correctas. Utiliza ferramentas e recursos para resolver dúbidas, ampliar o seu coñecemento e corrixir erros.

Identifica e aplica diferentes estratexias para progresar na aprendizaxe de forma autónoma.

Identifica, planifica e aplica os seus obxectivos na realización de actividades, tarefas e proxectos.

Mostra interese por realizar avaliacións para valorar o seu propio progreso e identificar os puntos de mellora.

Competencias sociais e cívicas

Participa en actividades por parella e grupais con respecto e interese.

Interactúa con educación e atención valorando e respectando a opinión, gusto e preferencias dos seus compañeiros. Acepta e practica as normas de convivencia establecidas

Valora e practica o uso do francés para relacionarse con outras persoas e coñecer outras culturas.

Interésase e respecta os costumes, normas e valores propios de países onde se fala francés.

Traballa en parellas e grupos aceptando o seu papel neses agrupamentos.

Sentido de iniciativa e espírito emprendedor

Aplica as estratexias necesarias para realizar as súas tarefas de forma autónoma.

Mostra unha actitude proactiva e positiva na lectura de textos de forma autónoma.

Planifica, organiza e revisa os seus traballos para unha correcta presentación.

Toma conciencia das consecuencias das súas decisións.

Comunícase oralmente participando en conversacións e en simulacións sobre temas coñecidos ou traballados previamente.

Conciencia e expresións culturais

Utiliza elementos e técnicas artísticas na elaboración e presentación dos seus proxectos e exposicións.

Identifica aspectos culturais dos países francófonos e compáraos cos seus mostrando respecto e interese.

Identifica diferentes formas de expresión cultural e mostra interese por ampliar o seu coñecemento.

Mostra interese por propiciar intercambios comunicativos reais con falantes da lingua estranxeira.

PORCENTAXES ESTABLECIDAS PARA AVALIAR AS COMPETENCIAS BÁSICAS:

Competencia en comunicación lingüística	60%
Competencia matemática, en ciencia e tecnoloxía.....	6%
Competencia dixital.....	6%
Competencia para aprender a aprender	6%
Competencias social e cívica	6%
Sentido de iniciativa e espírito emprendedor.....	6%
Conciencia e expresións culturais.....	10%

C) CONCRECIÓN, DE SER O CASO, DOS OBXECTIVOS PARA O CURSO.

No marco dos obxectivos que a educación secundaria obrigatoria contribuirá a desenvolver no alumnado, a Segunda lingua Estranxeira en concreto contribuirá a desenvolver as capacidades que lles permitan:

- a) Asumir responsablemente os seus deberes, coñecer e exercer os seus dereitos no respecto ás demais persoas, practicar a tolerancia, a cooperación e a solidariedade entre as persoas e os grupos, exercitarse no diálogo, afianzando os dereitos humanos e a igualdade de trato e de oportunidades entre mulleres e homes, como valores comúns dunha sociedade plural, e prepararse para o exercicio da cidadanía democrática.
- b) Desenvolver e consolidar hábitos de disciplina, estudo e traballo individual e en equipo, como condición necesaria para unha realización eficaz das tarefas da aprendizaxe e como medio de desenvolvemento persoal.
- c) Valorar e respectar a diferenza de sexos e a igualdade de dereitos e oportunidades entre eles. Rexeitar a discriminación das persoas por razón de sexo ou por calquera outra condición ou circunstancia persoal ou social. Rexeitar os estereotipos que supoñan discriminación entre homes e mulleres, así como calquera manifestación de violencia contra a muller.
- d) Fortalecer as súas capacidades afectivas en todos os ámbitos da personalidade e nas súas relacións coas demais persoas, así como rexeitar a violencia, os prexuízos de calquera tipo e os comportamentos sexistas, e resolver pacificamente os conflitos.
- e) Desenvolver destrezas básicas na utilización das fontes de información, para adquirir novos coñecementos con sentido crítico. Adquirir unha preparación básica no campo das tecnoloxías, especialmente as da información e a comunicación.
- i) Comprender e expresarse nunha ou máis linguas estranxeiras de maneira apropiada.
- o) Coñecer e valorar a importancia do uso da lingua galega como elemento fundamental para o mantemento da identidade de Galicia, e como medio de relación interpersoal e expresión de riqueza cultural nun contexto plurilingüe, que permite a comunicación con outras linguas, en especial coas pertencentes á comunidade lusófona.

OBXECTIVOS ESPECÍFICOS DA MATERIA COMÚNS A TODOS OS GRUPOS E NIVEIS:

- Integrar o francés na clase como lingua de comunicación e sistematizala logo dos intercambios entre profesorado e estudantes.
- Facer que o alumnado descubra que a aprendizaxe da lingua pasa pola súa implicación activa e motivalo e animalo a participar na clase, sen complexos, de xeito que asuma que os erros que poida cometer forman parte da súa aprendizaxe.
- Analizar os erros propios e alleos invitando a súa reflexión e corrección como estratexia para avanzar, enriquecer e facilitar o aprendizaxe da lingua francesa.
- Apreciar a importancia do coñecemento de linguas estranxeiras como medio de comunicación e como elemento facilitador das relacións interpersoais.
- Desenvolver actitudes e comportamentos de respecto e tolerancia ante outras manifestacións culturais diferentes as nosas superando prexuízos e prácticas discriminatorias por razón da raza, sexo, lingua ou cultura.

- Estimular o interese polo coñecemento dos contidos morfosintácticos como medio para fomentar no alumnado unha progresión constante e unha maior confianza sobre a súa propia capacidade de aprendizaxe.
- Fomentar o desexo de descubrir aspectos culturais (xeografía, historia, arte, tradicións, etc.) e sociais (traballo, vida cotiá, costumes, lecer, etc.) de Francia e doutros países francófonos

D) CONCRECIÓN PARA CADA ESTÁNDAR DE APRENDIZAXE AVALIABLE DE: TEMPORALIZACIÓN, GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN, PROCEDIMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN.

PRIMEIRA LINGUA ESTRANXEIRA

A materia de Primeira Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción).

Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción.

Isto supón que, **para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda.** Da mesma maneira, **para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.** (*DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.*)

1º ESO – FR1

BLOQUE	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRADUACIÓN DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
B1 COMPRESIÓN ORAL	PLEB1.1. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas e temas cos que se estea moi familiarizado/a, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Entrevista Xogo de simulación Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral. Probas de C.O.
	PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de instrucións, preguntas, explicacións, diálogos e outras mensaxes orais sinxelas articuladas con claridade e pausadamente, relacionadas coas actividades de aula e con áreas de prioridade inmediata.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB1.3. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentación moi básicas sobre temas educativos, que estea a aprender ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular como os contaminantes, a clasificación dos seres vivos, etc.), sempre que poida escoitalas máis dunha vez.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal entre dúas persoas que ten lugar na súa presenza, ou procedente dunha gravación pedagóxica cando o tema lle resulta coñecido e o discurso estea articulado con claridade, a velocidade baixa.	Apartires da segunda avaliación	50%	
	PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, peticións de información, a expresión da vontade, a certeza e os desexos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposto a repetir ou a reformular o dito.	Apartires da segunda avaliación	50%	
	PLEB1.6. Identifica a información esencial do tema e da situación de comunicación de gravacións auténticas ou pedagóxicas sinxelas, sobre asuntos cotiáns ou do seu interese, articuladas pausadamente e con claridade, e cando as imaxes axuden á comprensión e se poida escoitar máis dunha vez.	Todas as avaliacións	50%	
B2 PRODUCCIÓN ORAL	PLEB2.1. Na maioría das actividades de aula amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira nas diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que, ás veces, teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	PLEB2.2. Fai presentacións moi breves e ensaiadas comprensibles e con apoio visual de distintos soportes multimedia que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas breves e moi sinxelas dos oíntes sobre o contido das súas presentacións.	3ª avaliación	50%	
	PLEB2.3. Desenvólvese sen dificultade evidente en xestións e transaccións cotiás básicas, e ofrece e obtén información básica en situacións habituais e concretas propias de viaxes,	Apartires da 2ª avaliación	50%	

	alojamento, transporte, compras e lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).			Rúbrica de valoración da produción oral
	PLEB2.4. Establece contacto social en función da situación de comunicación, real ou simulada, e reformula ou rectifica se non se lle comprende, e pide aclaración se non entende algo.	Todas as avaliacións	50%	Dramatizacións Entrevistas
	PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara, cunha pronuncia comprensible, empregando as convencións propias do proceso comunicativo, nas que establece contacto social, intercambia información básica e expresa opinións, fai invitacións e ofrecementos sinxelos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións sinxelas e básicas, ou se manifesta sobre os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Exposicións/presentacións Xogos de simulación
	PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	Todas as avaliacións	50%	
B3. COMPRENSIÓN ESCRITA	PLEB3.1. Comprende, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas e básicas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, e segue instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).	Apartires da 2ª avaliación	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita
	PLEB3.2. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta de carácter pedagóxico claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as sección difíciles.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB3.3. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de publicacións propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB3.4. Atopa a información que necesita para a realización dunha tarefa en narracións breves moi sinxelas en lingua estándar, e en guías de lecer, dicionarios, catálogos, etc.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB3.5. Entende información básica (lugar, prezo, horarios, datos ou preguntas relativas á información persoal, etc.) de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB3.6. Comprende con fluidez textos adaptados (por exemplo, en lecturas para a xente nova) de historias de ficción.	3ª avaliación	50%	
	PLEB4.1. Escribe notas e mensaxes (por exemplo, posts e chats en redes sociais), en situacións reais ou simuladas, nas que dá e solicita breve información sobre citas, preferencias e sentimentos, relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB4.2. Elabora textos moi breves nos que expón, por exemplo, unha enumeración de	Todas as		

B4 PRODUCCIÓN ESCRITA	actividades ou tarefas moi habituais, listas de compras, traxecto habitual etc.; e textos que expresen sentimentos básicos de gusto, desgusto, aceptación, negación, etc.	avaliacións	50%	Diario de clase.
	PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	Todas as avaliacións	50%	Caderno de aula.
	PLEB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, e a etiqueta se utiliza as redes sociais.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	PLEB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén contacto social real ou simulado (por exemplo, con amigos/ as noutros países), se intercambia información básica sobre si mesmo, e a súa vila (por exemplo, descrición en termos moi sinxelos de sucesos importantes e experiencias persoais; instrucións sinxelas, aceptación e ofrecemento de suxestións, como cancelar, confirmar ou modificar unha invitación ou uns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.	3ª avaliación	50%	Rúbrica de valoración da produción escrita Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
	PLEB4.6. Fai unha presentación coitada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Todas as avaliacións	50%	
B5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCENCIA INTERCULTURALE PLURLINGÜE	PLB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, e produce comprensiblemente trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula.
	PLB5.2. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal, con diversos fins comunicativos, establecendo contacto social en función da situación de comunicación, reformulando e rectificando se non se comprende, e pedindo aclaración se non entende algo.	Todas as avaliacións	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	PLB5.3. Utiliza as convencións orais básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.).	Todas as avaliacións	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral.
	PLB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, se é o caso, do resto do alumnado, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de valoración da produción oral Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita
	PLB5.5. Nas actividades de aula, reflexiona sobre a utilización para a comprensión e a elaboración de textos do coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfosintácticos e discursivos básicos e habituais no uso da lingua.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de valoración da produción escrita Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
	PLB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes, elementos	Todas as avaliacións	50%	

	paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).			Dramatizacións Entrevistas Exposicións / presentacións Xogos de simulación
	PLB5.7. Recoñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	3ª avaliación	50%	

2º ESO – FR1

BLOQUE	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
B1. COMPRESIÓN ORAL	PLEBI.1. Comprende fórmulas básicas de relación social para iniciar e terminar o discurso e expresar benvidas, desculpas e agradecementos, e identifica a relación de formalidade entre as persoas interlocutoras e o propósito comunicativo.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Entrevista Xogo de simulación Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral. Probas de C.O.
	PLEBI.2. Comprende instrucións e textos breves e sinxelos producidos en contextos reais e simulados, articulados con claridade, ritmo pausado e acentuación estándar, que conteñan vocabulario relativo a lugares, persoas, obxectos, acontecementos e accións ligados a temas sinxelos e habituais na súa idade e no seu contexto escolar.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEBI.3. Comprende o esencial en situacións de comunicación, cara a cara ou gravadas, nas que se utilicen frases moi sinxelas sobre temas habituais para a súa idade e o seu nivel escolar, que se refiran aos ámbitos persoal público e educativo, sempre que se fale pausadamente e con claridade, e se poida escoitar máis dunha vez.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEBI.4. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentación sobre temas educativos que estea a aprender, profesionais moi sinxelos ou do seu interese inmediato (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha profesión).	Todas as avaliacións	50%	
	PLEBI.5. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa informal espontánea, relacionada coas actividades de aula, e de simulacións sobre temas cotiáns e de interese persoal con diversos fins comunicativos, se a produción é articulada con claridade e cunha velocidade media, pero con pausas.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEBI.6. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, peticións de información e expresión dos gustos sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou a reformular o dito.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEBI.7. Identifica a información esencial de mensaxes sinxelas emitidas por medios audiovisuais sobre temas concretos e coñecidos (tempo atmosférico, noticias presentadas con imaxes moi redundantes, etc.) e sobre transaccións habituais de bens e servizos, pronunciadas con lentitude e claridade, aínda que deba escoitalas máis dunha vez.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB2.1. Interactúa nas actividades de aula a maioría das veces ou intervéñ na lingua estranxeira, cunha pronuncia comprensible, e persevera no seu uso aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB2.2. Amona unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións	Todas as		

B2 PRODUCCIÓN ORAL	comunicativas, e manifesta interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras	avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción oral Dramatizacións Entrevistas Exposicións/presentacións Xogos de simulación
	PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos e sinxelos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), sempre que a persoa interlocutora coopere, falando amodo e con claridade, e repetindo ou reformulando.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB2.5. Participa en conversas informais cunha pronuncia comprensible cara a cara, por teléfono ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB2.6. Colabora coas demais persoas na interacción, verificando a comprensión propia e a das demais persoas mediante estratexias de compensación lingüísticas e non verbais, e cooperando activamente na realización das tarefas de comunicación, e manifesta interese e respecto polas achegas do seus compañeiros e das súas compañeiras.	Todas as avaliacións	50%	
PLEB2.7. Toma parte nunha conversa formal ou entrevista moi sinxela de carácter educativo ou ocupacional moi habitual e traballado previamente, intercambiando información suficiente e básica de carácter persoal e sobre hábitos, gustos ou estudos, preguntando sobre problemas prácticos e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita, e se o interlocutor coopera, falando amodo e con claridade, repetindo ou reformulando.	3ª avaliación	50%		
B3 COMPRESIÓN	PLB3.1. Segue, con axuda da imaxe, instrucións sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas de uso común e coñecidos, así como instrucións básicas e predicibles para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, manexo dun móbil ou prevención de riscos)	3ª avaliación	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	PLB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas propias da súa idade ou de internet, formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal e educativo e ocupacional moi básico.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLB3.3. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados e nun rexistro estándar e con imaxes ilustrativas redundantes sobre temas relativos a materias educativas, ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático unha cidade, un deporte ou o	Todas as avaliacións	50%	

ESCRITA	ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.			Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita
	PLB3.4. Comprende correspondencia persoal en calquera formato e en rexistro estándar na que, de xeito sinxelo e básico, se fale de si mesmo/a; se describan persoas, obxectos e lugares; se narren acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios; se expresen sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLB3.5. Entende información básica de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de idiomas ou unha compra por internet).	3ª avaliación	50%	
	PLB3.6. Comprende con fluidez textos de historias de ficción adaptados para o seu nivel.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
B4 PRODUCCIÓN ESCRITA	PLB4.1. Utiliza estratexias que faciliten o proceso de escritura: segue modelos de textos de características similares, planifica o texto, elabora un borrador, corrixe tanto a ortografía como a orde das ideas e das palabras, etc.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción escrita Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
	PLB4.2. Escribe textos moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos moi coñecidos e habituais no ámbito educativo, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares.	Todas as avaliacións	50% 50%	
	PLB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa aos seus datos, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Todas as avaliacións	50%	
	PLB4.4. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves en soporte impreso e dixital, en situacións de comunicación reais ou simuladas, relacionados con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese persoal, ou sobre temas de actualidade de especial relevancia e facilmente comprensibles para a súa idade, respectando as convencións e as normas de cortesía, tamén cando se utilizan as redes sociais.	Todas as avaliacións	50%	
	PLB4.5. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social, se intercambia información sobre si mesmo/a e a súa vila (por exemplo, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, unhas vacacións), se dan instrucións sinxelas, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinión de xeito sinxelo.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLB4.6. Fai unha presentación cuidada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB5.1. Utiliza a lingua estranxeira na maioría das súas intervencións nas actividades de aula, e na participación en simulacións con diversos fins comunicativos, facéndose comprender, producindo con suficiencia discriminativa trazos fonéticos significativos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e recoñecendo e producindo comprensiblemente patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula.

B5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCENCIA INTERCULTURALE PLURLINGÜE	PLEB5.2. Escribe cun dominio ortográfico suficiente para facer comprensible os textos, sen cometer erros moi básicos sobre as regularidades ortográficas máis relevantes.	Todas as avaliacións	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	PLEB5.3. Utiliza as convencións básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, etc.)	Todas as avaliacións	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral.
	PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países nos que se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas, de ser o caso, do resto do alumnado, e evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de valoración da produción oral Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita
	PLEB5.5. Nas actividades de aula utiliza, para a comprensión e a elaboración de textos, o coñecemento adquirido noutras linguas sobre elementos morfolóxicos, sintácticos e discursivos, así como os procesos de realización das actividades lingüísticas de comprensión e produción.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de comprensión escrita Rúbrica de valoración da produción escrita
	PLEB5.6. Comunica con eficacia, comprendendo e utilizando adecuadamente as estruturas morfosintácticas básicas para realizar as funcións comunicativas propias do seu nivel, e estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos básicos e paratextuais).	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica do proceso de creación da produción escrita. Dramatizacións
	PLEB5.7. Coñece e utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos propios do seu nivel educativo.	Todas as avaliacións	50%	Entrevistas
	PLEB5.8. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Exposicións / presentacións Xogos de simulación

3º ESO – FR1

BLOQUE	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
B1. COMPRESIÓN ORAL	PLEB1.1. Distingue, co apoio da imaxe, as ideas principais e información relevante en presentacións sobre temas educativos, ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular ou unha charla para organizar o traballo en equipo).	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Entrevista Xogo de simulación Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral. Probas de C.O.
	PLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves e articulados de xeito lento e claro (por exemplo, cambio de porta de embarque nun aeroporto, información sobre actividades nun campamento de verán ou no contestador automático dun cine), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB1.3. Entende o esencial do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, e centros de lecer, de estudos ou de traballo).	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB1.4. Identifica o sentido xeral e os puntos principais dunha conversa formal ou informal entre dúas ou máis persoas interlocutoras que ten lugar na súa presenza, cando o tema lle resulte coñecido e o discurso está articulado con claridade, a velocidade media e nunha variedade estándar da lingua.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descrições, narracións, puntos de vista e opinións sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB1.6. Comprende, nunha conversa formal ou entrevista (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo) na que participa, o que se lle pregunta sobre asuntos persoais, educativos, ocupacionais ou do seu interese, así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle diu.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB1.7. Identifica a información esencial de programas de televisión sobre asuntos cotiás ou do seu interese articulados amodo e con claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes axudan á comprensión.	3ª avaliación	50%	
	PLEB2.1. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Probas de actividades gramaticais
	PLEB2.2. Interactúa para obter ou ofrecer bens e servizos relativos a necesidades inmediatas e cotiás, sempre que se fale amodo e con estruturas moi sinxelas e habituais, e reacciona	Todas as avaliacións	50%	

B2 PRODUCCIÓN ORAL	adecuadamente sempre que poida solicitar, mediante preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.			Probas actividades de vocabulario
	PLEB2.3. Fai presentacións breves e ensaiadas, ben estruturadas e con apoio visual (por exemplo, transparencias de PowerPoint), que lle permitan ilustralas con imaxes e seguir un guión sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos ou a súa ocupación, e responde a preguntas breves e sinxelas de aíntes sobre o contido destas.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de valoración da produción oral Dramatizacións Entrevistas
	PLEB2.4. Desenvólvese correctamente en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer, seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento).	Apartires da 2ª avaliación	50%	Exposicións/presentacións Xogos de simulación
	PLEB2.5. Participa en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social, intercambia información e expresa opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB2.6. Toma parte nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista de carácter educativo ou ocupacional (por exemplo, para realizar un curso de verán ou integrarse nun grupo de voluntariado), intercambiando información suficiente, expresando as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma sinxela ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave se o necesita	Apartires da 2ª avaliación	50%	
B3 COMPRESIÓN ESCRITA	PLEB3.1. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións de funcionamento e manexo de aparellos electrónicos ou de máquinas, así como instrucións para a realización de actividades e normas de seguridade (por exemplo, nun centro docente, un lugar público ou unha zona de lecer).	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita
	PLEB3.2. Entende os puntos principais de anuncios e material publicitario de revistas ou de internet formulados de xeito simple e claro, e relacionados con asuntos do seu interese, nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB3.3. Capta as ideas principais de textos xornalísticos breves en calquera soporte, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos portan gran parte da mensaxe.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB3.4. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia, ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a materias educativas, asuntos ocupacionais ou do seu interese (por exemplo, sobre un tema curricular, un programa informático, unha cidade, un deporte ou o ambiente), sempre que poida reler as seccións difíciles.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal en calquera formato na que se fala de si mesmo/a, se describen persoas, obxectos e lugares, se narran acontecementos pasados, presentes e futuros, reais ou imaxinarios, e se expresan sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB3.6. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un curso de	Apartires da 2ª avaliación	50%	

	idiomas ou unha compra por internet).			
	PLEB3.7. Comprende o esencial (por exemplo, en lecturas para a mocidade) de historias de ficción breves e ben estruturadas, e faise unha idea do carácter dos personaxes, das súas relacións e do argumento.	3ª avaliación	50%	
B4 PRODUCCIÓN ESCRITA	PLEB4.1. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, solicitando ou dando a información requirida de xeito sinxelo e observando as convencións formais e normas de cortesía básicas deste tipo de textos.	3ª avaliación	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción escrita Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
	PLEB4.2. Escribe informes moi breves en formato convencional con información sinxela e relevante sobre feitos habituais e os motivos de certas accións, nos ámbitos educativo e ocupacional, describindo de xeito sinxelo situacións, persoas, obxectos e lugares, e sinalando os principais acontecementos de forma esquemática.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB4.3. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, á súa ocupación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital, matricularse nun taller, ou asociarse a un club deportivo).	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB4.4. Escribe notas e mensaxes (mensaxes instantáneas, chats, etc.) onde se fan breves comentarios ou se dan instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB4.5. Escribe notas, anuncios e mensaxes breves nas redes sociais relacionados con actividades e situacións da vida cotiá, do seu interese persoal ou sobre temas de actualidade, respectando as convencións e as normas de cortesía.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB4.6. Escribe correspondencia persoal na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países), se intercambia información, se describen en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais (por exemplo, a participación nunha competición), se dan instrucións, se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans), e se expresan opinións de xeito sinxelo.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB4.7. Fai unha presentación coitada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Todas as avaliacións	50%	
B5	PLEB5.1. Desenvólvese na maioría das actividades de aula facendo un esforzo por utilizar a lingua estranxeira, cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible dos esquemas fónicos e fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras, e pide axuda e aclaracións aos compañeiros e ás compañeiras cando non progresa a comunicación.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais
	PLEB5.2. Aplica adecuadamente os signos de puntuación elementais e as regras ortográficas básicas, na redacción de traballos e outros textos, para facerse comprensible case sempre.	Todas as avaliacións	50%	

COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCENCIA INTERCULTURAL E PLURILINGÜE	PLEB5.3. Utiliza as convencións máis habituais propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo (saúdos, rutinas para iniciar ou manter a quenda de palabra, fórmulas orais breves para manter a atención, facer preguntas por preferencias, expresar opinións, etc.) en rexistro estándar.	Todas as avaliacións	50%	Probas actividades de vocabulario Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral.
	PLEB5.4. Na propia lingua, identifica aspectos socioculturais básicos e visibles dos países onde se fala a lingua estranxeira, analizándoos comparativamente coas diversas culturas do resto do alumnado, de ser o caso, evitando estereotipos e valoracións etnocéntricas.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de valoración da produción oral Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita
	PLEB5.5. Identifica e utiliza os expoñentes máis comúns propios do seu nivel para realizar as funcións comunicativas, así como os patróns discursivos de uso máis frecuente para o propósito comunicativo.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de comprensión escrita Rúbrica de valoración da produción escrita
	PLEB5.6. Domina as estruturas morfosintácticas e discursivas máis habituais para comprender e expresar en rexistros estándar intencións e significados mediante as funcións comunicativas propias do seu nivel, e reflexiona sobre a utilidade do coñecemento adquirido noutras linguas para comprender e elaborar textos na lingua meta.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
	PLEB5.7. Utiliza un vocabulario oral e escrito básico e suficiente para comprender e elaborar textos sinxelos en rexistro estándar propios do seu nivel educativo, e comprende e utiliza estratexias de comunicación e de redundancia do significado (imaxes e elementos paralingüísticos, cuasilingüísticos e paratextuais).	Todas as avaliacións	50%	Dramatizacións Entrevistas Exposicións / presentacións
	PLEB5.8. Explica o sentido dun texto, resumíndoo ou reformulándoo, na propia lingua, para un interlocutor próximo real ou simulado que descoñece a lingua estranxeira, coa finalidade de facer o texto comprensible e garantir a relación fluída entre falantes e culturas, amosando respecto perante as diferenzas.	Todas as avaliacións	50%	Xogos de simulación
PLEB5.9. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Apartires da 2ª avaliación	50%		

4º ESO – FR1

BLOQUE	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
E1. COMPRESIÓN ORAL	PLEBI.1. Reflexiona sobre o seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada), mellorándoo se é o caso (sacando conclusións sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala), deducindo intencións a partir do volume da voz do falante, facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.), e intuindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as propias experiencias.	Todas as avaliacións	50%	<p>Diario de clase.</p> <p>Escala de observación</p> <p>Entrevista</p> <p>Xogo de simulación</p> <p>Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral.</p> <p>Rúbrica de comprensión oral.</p> <p>Probas de C.O.</p>
	PLEBI.2. Distingue, con apoio visual ou escrito, as ideas principais e información relevante en presentacións ou charlas ben estruturadas e de exposición clara sobre temas coñecidos ou do seu interese relacionados co ámbito educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre un tema educativo ou de divulgación científica, ou unha charla sobre a formación profesional noutros países).	Todas as avaliacións	50%	
	PLEBI.3. Identifica a idea principal e aspectos significativos de noticias de televisión claramente articuladas cando hai apoio visual que complementa o discurso, así como o esencial de anuncios publicitarios, series e películas ben estruturadas e articuladas con claridade, nunha variedade estándar da lingua, e cando as imaxes facilitan a comprensión.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEBI.4. Capta os puntos principais e os detalles salientables de mensaxes gravadas ou de viva voz, claramente articuladas, que conteñan instrucións, indicacións ou outra información, mesmo de tipo técnico (por exemplo, en contestadores automáticos, ou sobre como realizar un experimento na clase, ou como utilizar unha máquina ou un dispositivo no ámbito ocupacional).	Todas as avaliacións	50%	
	PLEBI.5. Identifica as ideas principais e detalles relevantes dunha conversa formal ou informal de certa duración entre dous ou máis interlocutores que ten lugar na súa presenza e na que se tratan temas coñecidos ou de carácter xeral ou cotián, cando o discurso está articulado con claridade e nunha variedade estándar da lingua.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEBI.6. Entende o que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en bancos, tendas, hoteis, restaurantes, transportes, centros docente e lugares de traballo) ou menos habituais (por exemplo, nunha farmacia, un hospital, nunha comisaría ou nun organismo público), se pode pedir confirmación dalgúns detalles.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEBI.7. Comprende, nunha conversa formal, ou entrevista na que participa (por exemplo, en centros de estudos ou de traballo), información relevante e detalles sobre asuntos prácticos relativos a actividades educativas ou ocupacionais de carácter habitual e predicible, sempre que poida pedir que se lle repita, ou que se reformule, aclare ou elabore, algo do que se lle dixo.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEBI.8. Comprende, nunha conversa informal na que participa, explicacións ou xustificacións	Todas as	50%	

	de puntos de vista e opinións sobre diversos asuntos de interese persoal, cotiáns ou menos habituais, así como a formulación de hipóteses, a expresión de sentimentos e a descrición de aspectos abstractos de temas (por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade).	avaliacións		
B2 PRODUCCIÓN ORAL	PLEB2.1. Utiliza recursos lingüísticos para entender e facerse entender, como a utilización de expresións memorizadas ou fixas (para pedir que lle falen máis a modo, que lle repitan ou que lle aclaren) e o uso de exemplos e definicións, ou de aspectos paralingüísticos como os acenos, a entoación, etc.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción oral Dramatizacións Entrevistas Exposicións/presentacións Xogos de simulación
	PLEB2.2. Nas actividades de aula, a maioría das veces interactúa ou intervéñ na lingua estranxeira de xeito claro e comprensible, e persevera no seu uso cunha actitude positiva, aínda que cometa erros e teña que pedir axuda ou aclaracións, manifestando interese e respecto polas achegas dos seus compañeiros e das súas compañeiras.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB2.3. Fai presentacións breves, ben estruturadas, ensaiadas previamente e con apoio visual (por exemplo, PowerPoint), sobre aspectos concretos de temas educativos ou ocupacionais do seu interese, organizando a información básica de maneira coherente, explicando as ideas principais brevemente e con claridade, e respondendo a preguntas sinxelas de óntes articuladas de maneira clara e a velocidade media.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB2.4. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiáns e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estadía noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de maneira sinxela pero correcta e adecuada ao contexto.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB2.5. Participa adecuadamente en conversas informais cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, sobre asuntos cotiáns ou menos habituais, nas que intercambia información e se expresa e xustifica brevemente opinións e puntos de vista; narra e describe de forma coherente feitos ocorridos no pasado ou plans de futuro reais ou inventados; formula hipóteses; fai suxestións; pide e dá indicacións ou instrucións con certo detalle; expresa e xustifica sentimentos, e describe aspectos concretos e abstractos de temas como, por exemplo, a música, o cine, a literatura ou os temas de actualidade.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB2.6. Toma parte en conversas formais, entrevistas e reunión de carácter educativo ou ocupacional, sobre temas habituais nestes contextos, intercambiando información pertinente sobre feitos concretos, pedindo e dando instrucións ou solucións a problemas prácticos, expondo os seus puntos de vista de maneira sinxela e con claridade, e razoando e explicando brevemente e de maneira coherente as súas accións, as súas opinións e os seus plans.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB3.1. Nas actividades de lectura da aula, explica como sabe inferir significados a partir do	Todas as	50%	

EB3. COMPRESIÓN ESCRITA	seu coñecemento do mundo, do coñecemento doutros idiomas, do contexto lingüístico, dos apoios visuais (imaxes, tipografía, deseño, etc.), así como das características do medio en que aparece impresa a información (carteis, folletos, revistas, xornais, páxinas web, etc.).	avaliacións		Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita
	PLEB3.2. Procura e entende información específica de carácter concreto en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados (por exemplo, enciclopedias, dicionarios, monografías, presentacións) sobre temas relativos a materias educativas ou asuntos ocupacionais relacionados coa súa especialidade ou cos seus intereses, e analiza a información tendo en conta varios criterios (autoría, fiabilidade da páxina que o publica, datas, etc.) que axuden a avaliar a credibilidade do material.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB3.3. Entende o sentido xeral, os puntos principais e información relevante de anuncios e comunicacións de carácter público, institucional ou corporativo e claramente estruturados, relacionados con asuntos do seu interese persoal, educativo ou ocupacional (por exemplo, sobre lecer, cursos, bolsas e ofertas de traballo).	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB3.4. Localiza con facilidade información específica de carácter concreto en textos xornalísticos en calquera soporte, ben estruturados e de extensión media, tales como noticias glosadas, reconece ideas significativas de artigos divulgativos sinxelos, e identifica as conclusións principais en textos de carácter claramente argumentativo, sempre que poida reler as seccións difíciles.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB3.5. Comprende correspondencia persoal, en calquera soporte incluíndo foros en liña ou blogs, na que se describen con certo detalle feitos e experiencias, impresións e sentimentos, onde se narran feitos e experiencias, reais ou imaxinarios, e se intercambian información, ideas e opinións sobre aspectos tanto abstractos como concretos de temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB3.6. Entende o suficiente de cartas, faxes ou correos electrónicos de carácter formal, oficial ou institucional, como para poder reaccionar en consecuencia (por exemplo, se se lle solicitan documentos para unha estada de estudos no estranxeiro).	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB3.7. Identifica información relevante en instrucións detalladas sobre o uso de aparellos, dispositivos ou programas informáticos, e sobre a realización de actividades e normas de seguridade ou de convivencia (por exemplo, nun evento cultural, nunha residencia de estudantes ou nun contexto ocupacional).	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB3.8. Comprende os aspectos xerais e os detalles máis relevantes de textos de ficción e textos literarios contemporáneos breves, ben estruturados e nunha variante estándar da lingua, nos que o argumento é lineal e se pode seguir sen dificultade, e os personaxes e as súas relacións se describen de maneira clara e sinxela.	3ª avaliación	50%	
	PLEB4.1. Escribe, nun formato convencional, informes breves e sinxelos nos que dá información esencial sobre un tema educativo ou ocupacional, ou menos habitual (por exemplo, un accidente), describindo brevemente situacións, persoas, obxectos e lugares, narrando acontecementos nunha clara secuencia lineal, e explicando de maneira sinxela os motivos de	Todas as avaliacións	50%	

B4. PRODUCCIÓN ESCRITA	certas accións.			Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción escrita Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
	PLEB4.2. Escribe correspondencia formal básica, dirixida a institucións públicas ou privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente destinada a pedir ou dar información, solicitar un servizo ou realizar unha reclamación ou outra xestión sinxela, respectando as convencións formais e as normas de cortesía usuais neste tipo de textos.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB4.3. Escribe notas, anuncios, mensaxes e comentarios breves, en calquera soporte, nos que solicita e se transmite información e opinións sinxelas e nos que resalta os aspectos que lle resultan importantes (por exemplo, nunha páxina web ou unha revista xuvenil, ou dirixidos a un profesor ou a unha profesora), respectando as convencións e as normas de cortesía.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB4.4. Escribe correspondencia persoal e participa en foros, blogs e chats nos que describe experiencias, impresións e sentimentos; narra de forma lineal e coherente feitos relacionados co seu ámbito de interese, actividades e experiencias pasadas (por exemplo, sobre unha viaxe, as súas mellores vacacións, un acontecemento importante, un libro ou unha película), ou feitos imaxinarios, e intercambia información e ideas sobre temas concretos, sinalando os aspectos que lle parecen importantes, e xustificando brevemente as súas opinións sobre eles.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB4.5. Completa un cuestionario detallado con información persoal, educativa ou laboral (por exemplo, para facerse membro dunha asociación ou para solicitar unha bolsa).	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB4.6. Escribe o seu currículo en formato electrónico, seguindo, por exemplo, o modelo Europass	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB4.7. Toma notas, mensaxes e apuntamentos con información sinxela e relevante sobre asuntos habituais e aspectos concretos nos ámbitos persoal, educativo e ocupacional, dentro da súa especialidade ou área de interese.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB4.8. Fai unha presentación coitada dos textos escritos, en soporte impreso e dixital, utilizando correctamente as convencións ortográficas e os signos de puntuación.	Todas as avaliacións	50%	
B5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCENCIA INTERCULTURAL E PLURLINGÜE	PLEB5.1. Exprésase cunha pronunciación clara, aceptable e comprensible, e utiliza adecuadamente os esquemas fonolóxicos básicos, aínda que teña que repetir algunha vez por solicitude das persoas interlocutoras.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral. Rúbrica de valoración da produción oral
	PLEB5.2. Produce textos escritos en diferentes soportes, sen erros ortográficos e de puntuación que impidan a comprensión, e utiliza o corrector informático para detectar e corrixir erros tipográficos e ortográficos.	Todas as avaliacións	50%	
	PLEB5.3. Desenvólvese adecuadamente en situacións cotiás e menos habituais que poden xurdir durante unha viaxe ou estada noutros países por motivos persoais, educativos ou ocupacionais (transporte, aloxamento, comidas, compras, estudos, traballo, relacións coas autoridades, saúde e lecer), e sabe solicitar atención, información, axuda ou explicacións, e facer unha reclamación ou unha xestión formal de xeito sinxelo, pero correcta e adecuada ao contexto.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	PLEB5.4. Recoñece os elementos culturais máis relevantes dos países onde se fala a lingua	Todas as		

	estranxeira, e establece relación entre aspectos da cultura propia e da cultura meta para cumprir, de ser o caso, o papel de intermediario lingüístico e cultural, abordando con eficacia a resolución de malentendidos interculturais, e valorando positivamente as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	avaliacións	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita Rúbrica de valoración da produción escrita
	PLEB5.5. Comprende e utiliza con corrección suficiente e adecuación sociolingüística os recursos lingüísticos propios do seu nivel, e frases feitas e locucións idiomáticas sinxelas e habituais da comunidade lingüística correspondente á lingua meta	Apartires da 2ª avaliación	50%	Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
	PLEB5.6. Comprende e utiliza un léxico relativamente rico e variado, o que implica, entre outros, o emprego de sinónimos de uso máis frecuente e de palabras de significación próxima para evitar a repetición léxica.	Todas as avaliacións	50%	Dramatizacións Entrevistas
	PLEB5.7. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais; evita estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Todas as avaliacións	50%	Exposicións / presentacións Xogos de simulación.

SEGUNDA LINGUA ESTRANXEIRA

A materia de Segunda Lingua Estranxeira está organizada en cinco bloques que se corresponden coas actividades de lingua que, tal como as define o MCER, supoñen o exercicio da competencia lingüística comunicativa dentro dun ámbito específico para procesar (en forma de comprensión ou de expresión) un ou máis textos co fin de realizar unha tarefa: comprensión de textos orais, produción de textos orais (expresión e interacción), comprensión de textos escritos e produción de textos escritos (expresión e interacción).

Para a súa realización, estas actividades requiren a competencia comunicativa, polo que se inclúe un quinto bloque no que se recollen os elementos que abrangue a competencia comunicativa (lingüísticos, sociolingüísticos e pragmáticos), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas. Todos estes elementos do quinto bloque relaciónanse entre si e interactúan na realización das actividades lingüísticas comunicativas de comprensión, produción e interacción. Isto supón que, **para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda.**

Da mesma maneira, **para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan.**

(DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.)

1º ESO – FR2

BLOQUE	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
E1. COMPRESIÓN ORAL	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (nome, idade, enderezo, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación
	SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (números, datas, prezos, etc.) e temas con que teña moita familiaridade, e segue instrucións e consignas de aula.	A partires da 2ª avaliación	50%	Entrevista Xogo de simulación
	SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis relevante de textos orais breves (instrucións e comunicados) con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas, procedentes de medios audiovisuais ou de internet, sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	3ª avaliación	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral. Probas de C.O.
	SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, ou a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar.	3ª avaliación	50%	
E2. PRODUCCIÓN ORAL	SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación
	SLEB2.2. Fai e responde intelixiblemente e con accións colaborativas, preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida diaria e do tempo libre en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar.	3ª avaliación	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas con necesidades inmediatas nas que pide e se dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de valoración da produción oral Dramatizacións Entrevistas
	SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, nas que establece contacto social elemental, intercambia información moi básica, manifesta os seus gustos, fai invitacións elementais e ofrecementos, e pide e dá indicacións moi básicas para ir a un lugar.	3ª avaliación	50%	Exposicións/presentacións Xogos de simulación
	SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses relativos a temas moi cotiáns, en conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.	A partires da 2ª avaliación	50%	
SLEB3.1. Comprende con fluidez textos adaptados relativos a temas do seu interese.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase.	

EB3. COMPRENSIÓN ESCRITA	SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas e prohibicións básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, especialmente se contan con apoio visual.	Todas as avaliacións	50%	Caderno de aula.
	SLEB3.3. Comprende información básica e sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre gustos, preferencias e intereses referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade.	3ª avaliación	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo sinxelo como menús, horarios, catálogos e listas de prezos.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita
EB4. PRODUCCIÓN ESCRITA	SLEB4.1. Elabora textos sinxelos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información, ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Diario de clase. Caderno de aula.
	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa ao seus datos persoais e intereses ou afeccións (nome, idade, enderezo, gustos, etc.).	Todas as avaliacións	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	SLEB4.3. Escribe notas, listaxes, tarxetas postais, felicitacións e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativas a necesidades inmediatas.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Rúbrica de valoración da produción escrita
	SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, substituíndo unha palabra ou expresión por outra para unha funcionalidade ou tarefa determinada (felicitar, informar, preguntar, etc.) tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	3ª avaliación	50%	Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
EB5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCENCIA INTERCULTURAL E PLURLINGÜE	SLEB5.1. Identifica sons e grafías de fonemas básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e iníciase no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula.
	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que podan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	Todas as avaliacións	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral.
	SLEB5.4. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, moi básicos e traballados previamente.	3ª avaliación	50%	Rúbrica de valoración da produción oral Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita
	SLEB5.5. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Rúbrica de valoración da produción escrita Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.

2º ESO – FR2

BLOQUE	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
E1. COMPRENSIÓN ORAL	SLEB1.1. Comprende preguntas básicas moi sinxelas e habituais sobre asuntos persoais ou educativos (información básica de carácter persoal, solicitudes de enderezo sinxelas a lugares moi coñecidos, etc.) sempre que se fale de xeito pausado e ben articulado, e se repita se o necesita.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación
	SLEB1.2. Comprende frases e expresións habituais relacionadas con necesidades inmediatas (datas, prezos, pequenas doenzas, etc.) e temas con que está moi familiarizado, e segue instrucións e consignas de aula.	Todas as avaliacións	50%	Entrevista Xogo de simulación
	SLEB1.3. Comprende o sentido global e a información máis salientable de textos orais procedentes de medios audiovisuais ou de internet, breves como instrucións e comunicados, con estruturas previamente traballadas, léxico moi común relacionado con necesidades inmediatas e accións presentes moi habituais, sempre que se fale de xeito moi pausado e ben articulado, e poida volver escoitar o dito.	3ª avaliación	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral. Probas de C.O.
	SLEB1.4. Comprende a información esencial en conversas breves e moi sinxelas nas que participa, que traten sobre temas familiares como, por exemplo, un/unha mesmo/a, a familia, a escola, o tempo libre, a descrición moi básica dunha persoa, un obxecto ou un lugar, e estados de saúde, sensacións e sentimentos moi elementais.	Todas as avaliacións	50%	
E2. PRODUCCIÓN ORAL	SLEB2.1. Na maioría das actividades de aula, amosa unha actitude positiva polo uso da lingua estranxeira en diferentes situacións comunicativas, esforzándose por utilizala aínda que teña que recorrer a outras linguas para pedir axuda ou aclaracións.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación
	SLEB2.2. Trata de utilizar as formas de cortesía máis sinxelas e habituais relativas a saúdos, despedidas, agradecementos e presentacións, colaborando para entender e facerse entender, e fai e responde intelixiblemente preguntas sinxelas sobre si mesmo/a e sobre actividades moi comúns da vida social diaria e do tempo libre, en situacións de comunicación significativas para a súa idade e o seu nivel escolar previamente traballadas na aula.	Todas as avaliacións	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción oral
	SLEB2.3. Desenvólvese entendendo o suficiente e facéndose entender en situacións moi habituais relacionadas coa xestión e transaccións moi sinxelas relativas a necesidades inmediatas, nas que pide e dá información sobre lugares, horarios, datas, prezos, cantidades e actividades máis comúns para a súa idade e o seu nivel escolar.	3ª avaliación	50%	Dramatizacións Entrevistas Exposicións/presentacións.
	SLEB2.4. Participa en conversas informais breves e moi básicas, cara a cara, e reacciona adecuadamente para establecer contacto social elemental, intercambiar información moi básica, manifestar os seus gustos.	Todas as avaliacións	50%	Xogos de simulación
	SLEB2.5. Preséntase e dá e obtén información básica e sinxela sobre si mesmo/a en rutinas de aula. conversas moi básicas sobre temas predicibles, se pode solicitar, con preguntas sinxelas	Todas as avaliacións		

	e directas, a colaboración da persoa interlocutora para entender e facerse entender.		50%	
B3. COMPRESIÓN ESCRITA	SLEB3.1. Comprende a esencia de textos adaptados relativos a temas do seu interese.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula.
	SLEB3.2. Comprende avisos, obrigas, prohibicións e consignas básicas e predicibles, referidas a necesidades inmediatas, de estrutura moi sinxela, se contan con apoio visual	Todas as avaliacións	50%	Probos de actividades gramaticais Probos actividades de vocabulario
	SLEB3.3. Comprende información básica e moi sinxela de correspondencia persoal breve na que se fala de si mesmo/a e sobre sentimentos, preferencias e afeccións, referidos a temas moi cotiáns e propios da súa idade, previamente traballado na aula.	Todas as avaliacións	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita
	SLEB3.4. Comprende información esencial e localiza información específica en material informativo moi sinxelo, e con apoio visual, sobre temas coñecidos como actividades escolares e de lecer, hábitos saudables, etc., próximos á súa idade e á súa experiencia.	A partires da 2ª avaliación	50%	Rúbrica de comprensión escrita
B4. PRODUCCIÓN ESCRITA	SLEB4.1. Elabora textos sinxelos minimamente correctos a partir de modelos, empregando expresións e enunciados traballados previamente, para transmitir información ou con intencións comunicativas propias da súa idade e do seu nivel escolar	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probos de actividades gramaticais Probos actividades de vocabulario
	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal moi básica e relativa aos seus datos persoais, aos seus intereses ou ás súas afeccións.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de valoración da produción escrita
	SLEB4.3. Escribe avisos, notas, tarxetas postais, felicitacións, e mensaxes en soporte dixital moi sinxelas e breves, relativos a actividades presentes e a necesidades inmediatas.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
	SLEB4.4. Escribe correspondencia moi breve e sinxela, a partir dun modelo, tanto de forma manuscrita como en formato dixital, cunha presentación limpa e ordenada.	A partires da 2ª avaliación	50%	
B5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCENCIA INTERCULTURAL E PLURLINGÜE	SLEB5.1. Identifica sons básicos, produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula.
	SLEB5.2. Procura utilizar as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas moi básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto polas diferenzas que poidan existir en aspectos culturais como hábitos, horarios, etc.	Todas as avaliacións	50%	Probos de actividades gramaticais Probos actividades de vocabulario
	SLEB5.3. Nas actividades de aula, tenta explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Todas as avaliacións	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral. Rúbrica de valoración da produción oral
	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe	3ª avaliación	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita
	SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información sobre datos persoais, felicitar, invitar, etc.) intentando utilizar as estruturas sintáctico-discursivas e un léxico moi básicos e traballados previamente.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de valoración da produción escrita Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.

3º ESO – FR2

BLOQUE	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
E1. COMPRESIÓN ORAL	SLEB1.1. Persevera no proceso de comprensión: saca conclusión sobre a actitude do falante e sobre o contido, baseándose na entoación e na velocidade da fala e no volume da voz.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Entrevista Xogo de simulación Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral. Probas de C.O.
	SLEB1.2. Capta parte da información máis importante en condicións acústicas óptimas.	Todas as avaliacións	50%	
	SLEB1.3. Entende puntos principais do que se lle di en situacións nas que se utilicen algunhas frases feitas e estruturas sinxelas previamente traballadas.	Todas as avaliacións	50%	
	SLEB1.4. Comprende parcialmente unha conversa informal na que participa sobre asuntos prácticos da vida diaria e o sobre temas do seu interese.	Todas as avaliacións	50%	
	SLEB1.5. Comprende parcialmente unha conversa formal na que participa sobre asuntos prácticos da vida diaria e o sobre temas do seu interese.	Todas as avaliacións	50%	
	SLEB1.6. Identifica, grazas a un soporte visual, a idea xeral da situación que esta visualizando, previamente traballada na aula.	Todas as avaliacións	50%	
E2. PRODUCCIÓN ORAL	SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas seguindo un guión escrito respondendo minimamente a preguntas sinxelas sobre o contido destas.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción oral Dramatizacións Entrevistas Exposicións/presentacións. Xogos de simulación
	SLEB2.2. Faise entender en xestións e transaccións cotiás.	Todas as avaliacións	50%	
	SLEB2.3. Participa en conversacións informais breves cara a cara nas que establece contacto social, se intercambia unha mínima información e pode expresar acordo ou desacordo.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	SLEB2.4. Participa minimamente nunha conversa ou entrevista formal sendo capaz de achegar información de tipo cotiá.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
E3. COMPRESIÓN ESCRITA	SLEB3.1. Capta o sentido xeral de textos xornalísticos moi breves.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita
	SLEB3.2. Identifica tanto instrucións sinxelas para a realización de actividades, así como normas básicas de seguridade.	Todas as avaliacións	50%	
	SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela en calquera formato sobre si mesmo.	Todas as avaliacións	50%	
	SLEB3.4. Entende a idea xeral de correspondencia formal.	Apartires da 2ª avaliación	50%	

	SLEB3.5. Contextualiza información específica esencial en páxinas web e outros materiais	A partires da 2ª avaliación	50%	
B4. PRODUCCIÓN ESCRITA	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula.
	SLEB4.2. Completa cunha corrección parcial un cuestionario sinxelo con información persoal básica.	Todas as avaliacións	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes (SMS, chats...) cunha corrección mínima con comentarios breves.	A partires da 2ª avaliación	50%	Rúbrica de valoración da produción escrita Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
	SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica, respectando as normas de cortesía elementais para este tipo de textos.	3ª avaliación	50%	
B5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCENCIA INTERCULTURAL E PLURLINGÜE	SLEB5.1. Produce con suficiente intelixibilidade léxico e estruturas moi básicas, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.) e persevera no uso de patróns moi básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	SLEB5.2. Recoñece as convención orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira e respecta as diferenzas culturais	Todas as avaliacións	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral.
	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode recoñecer similitudes entre varias linguas	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de valoración da produción oral Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita
	SLEB5.4. Participa en proxectos plurilingües recoñecendo os estereotipos lingüísticos e culturais máis estendidos.	3ª avaliación	50%	Rúbrica de comprensión escrita Rúbrica de valoración da produción escrita
	SLEB5.5. Comprende e expresa algunhas das necesidades propias do funcionamento da aula. (instrucións e demandas básicas).	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.

4º ESO – FR2

BLOQUE	ESTANDAR DE APRENDIZAXE	TEMPORALIZACIÓN	GRAO MÍNIMO DE CONSECUCCIÓN	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN
E1. COMPRENSIÓN ORAL	SLEB1.1. Nas actividades de aula, persevera no seu proceso de comprensión, axustándoo ás necesidades da tarefa (de comprensión global, selectiva ou detallada) e mellorándoo, de ser o casa facendo anticipacións do que segue (palabra, frase, resposta, etc.) e inferindo o que non se comprende e o que non se coñece mediante os propios coñecementos e as experiencias doutras linguas.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Entrevista Xogo de simulación Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral. Rúbrica de comprensión oral. Probas de CO.
	SLEB1.2. Capta os puntos principais e os detalles salientables de indicacións, anuncios, mensaxes e comunicados breves, articulados de xeito lento e claro (por exemplo, por megafonía, ou nun contestador automático), sempre que as condicións acústicas sexan boas e o son non estea distorsionado.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	SLEB1.3. Comprende, nunha conversa formal ou nunha entrevista na que participa (por exemplo, nun centro docente), preguntas sobre asuntos persoais ou educativos (datos persoais, intereses, preferencias e gustos persoais e educativos, coñecemento ou descoñecemento, etc.), así como comentarios sinxelos e predicibles relacionados con estes, sempre que poida pedir que se lle repita, aclare ou elabore algo do que se lle dixó.	Todas as avaliacións	50%	
	SLEB1.4. Entende información relevante do que se lle di en transaccións e xestións cotiás e estruturadas (por exemplo, en hoteis, tendas, albergues, restaurantes, espazos de lecer ou centros docentes), sempre que se fale amodo e con claridade.	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	SLEB1.5. Comprende, nunha conversa informal na que participa, descricións, narracións, puntos de vista e opinións formulados de xeito simple sobre asuntos prácticos da vida diaria e sobre temas do seu interese, cando se lle fala con claridade, amodo e directamente, e se a persoa interlocutora está disposta a repetir ou reformular o dito.	Todas as avaliacións	50%	
	SLEB1.6. Identifica a información esencial de programas de televisión e presentacións sinxelas e ben estruturadas sobre asuntos cotiás ou do seu interese familiares e predicibles articulados con lentitude e claridade (por exemplo, noticias, documentais ou entrevistas), cando as imaxes portan gran parte da mensaxe.	3ª avaliación	50%	
E2. PRODUCCIÓN ORAL	SLEB2.1. Fai presentacións breves e ensaiadas, seguindo un esquema lineal e estruturado, sobre aspectos concretos de temas do seu interese ou relacionados cos seus estudos, e responde a preguntas previsibles breves e sinxelas de oíntes sobre o contido destas.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Escala de observación Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Rúbrica de valoración da produción oral
	SLEB2.2. Participa en conversas informais breves e sinxelas, cara a cara ou por teléfono, ou por outros medios técnicos, nas que establece contacto social básico, intercambia información e expresa de xeito sinxelo opinións e puntos de vista, fai invitacións e ofrecementos, pide e ofrece cousas, pide e dá indicacións ou instrucións, ou discute os pasos que hai que seguir para realizar unha actividade conxunta, facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora	Todas as avaliacións	50%	

	necesite que se repita ou repetir o dito.			Dramatizacións
	SLEB2.3. Desenvólvese coa debida corrección en xestións e transaccións cotiás, como son as viaxes, o aloxamento, o transporte, as compras e o lecer (horarios, datas, prezos, actividades, etc.), seguindo normas de cortesía básicas (saúdo e tratamento), facéndose comprender aínda que a persoa interlocutora necesite que se repita ou repetir o dito.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Entrevistas Exposicións/presentacións
	SLEB2.4. Desenvólvese de xeito simple pero suficiente nunha conversa formal, nunha reunión ou nunha entrevista (por exemplo, para realizar un curso de verán), achegando información relevante, expresando de xeito sinxelo as súas ideas sobre temas habituais, dando a súa opinión sobre problemas prácticos cando se lle pregunta directamente, e reaccionando de forma simple ante comentarios, sempre que poida pedir que se lle repitan os puntos clave, se o necesita.	Todas as avaliacións	50%	Xogos de simulación
B3. COMPRENSIÓN ESCRITA	SLEB3.1. Capta o sentido xeral e algúns detalles importantes de textos xornalísticos breves, en calquera soporte e sobre temas xerais ou do seu interese e moi coñecidos, se os números, os nomes, as ilustracións e os títulos constitúen grande parte da mensaxe.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula.
	SLEB3.2. Identifica, con axuda da imaxe, instrucións xerais breves e sinxelas de funcionamento e manexo de aparellos de uso cotián, así como instrucións claras para a realización de actividades e normas de seguridade básicas.	Todas as avaliacións	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	SLEB3.3. Comprende correspondencia persoal sinxela, en calquera formato, na que se fala de si mesmo/a; se describen persoas, obxectos, lugares e actividades; se narran acontecementos presentes, pasados e futuros, e se expresan de xeito sinxelo sentimentos, desexos e opinións sobre temas xerais, coñecidos ou do seu interese.	Todas as avaliacións	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita
	SLEB3.4. Entende o esencial de correspondencia formal na que se informa sobre asuntos do seu interese no contexto persoal ou educativo (por exemplo, sobre unha bolsa para realizar un curso de idiomas).	Apartires da 2ª avaliación	50%	
	SLEB3.5. Entende información específica esencial en páxinas web e outros materiais de referencia ou consulta claramente estruturados sobre temas relativos a asuntos do seu interese, sempre que poida reler as seccións difíciles.	3ª avaliación	50%	
B4. PRODUCCIÓN ESCRITA	SLEB4.1. Escribe correspondencia persoal breve na que se establece e mantén o contacto social (por exemplo, con amigos/as noutros países); se intercambia información; se describe en termos sinxelos sucesos importantes e experiencias persoais, de dan instrucións e se fan e aceptan ofrecementos e suxestións (por exemplo, cancelación, confirmación ou modificación dunha invitación ou duns plans) e se expresan opinións de xeito sinxelo.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula. Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario
	SLEB4.2. Completa un cuestionario sinxelo con información persoal e relativa á súa formación, aos seus intereses ou ás súas afeccións (por exemplo, para subscribirse a unha publicación dixital).	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica de valoración da produción escrita Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.
	SLEB4.3. Escribe notas e mensaxes en diferentes soportes, nos que fai comentarios moi breves ou dá instrucións e indicacións relacionadas con actividades e situacións da vida cotiá e do seu interese, respectando as convencións e as normas de cortesía máis importantes.	Todas as avaliacións	50%	
	SLEB4.4. Escribe correspondencia formal básica e breve, dirixida a institucións públicas ou	Apartires da 2ª		

	privadas ou entidades comerciais, fundamentalmente para solicitar información, respectando as convencións formais e as normas de cortesía básicas deste tipo de textos, cunha presentación limpa e ordenada.	avaliación	50%	
B5. COÑECEMENTO DA LINGUA E CONSCENCIA INTERCULTURAL E PLURLINGÜE	SLEB5.1. Produce léxico e estruturas básicas intelixibles no oral e na escrita, e trazos fonéticos que distinguen fonemas (nasalización, sonorización, etc.), e utiliza con eficacia comunicativa patróns básicos de ritmo, entoación e acentuación de palabras e frases.	Todas as avaliacións	50%	Diario de clase. Caderno de aula.
	SLEB5.2. Utiliza adecuadamente as convencións orais e escritas básicas propias da lingua estranxeira no desenvolvemento do proceso comunicativo oral e escrito (saúdos, despedidas, fórmulas básicas de tratamento, etc.), e amosa respecto e interese polas diferenzas culturais que poidan existir.	Todas as avaliacións	50%	Probas de actividades gramaticais Probas actividades de vocabulario Lista de cotexo (V/F) de comprensión oral.
	SLEB5.3. Nas actividades de aula, pode explicar o proceso de produción de textos e de hipóteses de significados tomando en consideración os coñecementos e as experiencias noutras linguas.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Rúbrica de comprensión oral. Rúbrica de valoración da produción oral
	SLEB5.4. Participa en proxectos (elaboración de materiais multimedia, folletos, carteis, recensión de libros e películas, obras de teatro, etc.) nos que se utilizan varias linguas e relacionados cos elementos transversais, evitando estereotipos lingüísticos ou culturais, e valora as competencias que posúe como persoa plurilingüe.	Apartires da 2ª avaliación	50%	Lista de cotexo (V/F) de comprensión escrita Rúbrica de comprensión escrita Rúbrica de valoración da produción escrita
	SLEB5.5. Comprende e comunica o propósito solicitado na tarefa ou ligado a situacións de necesidade inmediata da aula (pedir ou dar información, agradecer, desculparse, solicitar algo, invitar, etc.) utilizando adecuadamente as estruturas sintáctico-discursivas e o léxico necesarios, propios do seu nivel escolar e traballados previamente.	Todas as avaliacións	50%	Rúbrica do proceso de creación da produción escrita.

Para ver polo miúdo os obxectivos, contidos, contidos sintáctico-discursivos, criterios de avaliación, estándares de aprendizaxe e competencias clave de cada bloque para cada curso (1º a 4º ESO) e materia (primeira lingua estranxeira ou segunda lingua estranxeira) consultar :

DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.

- Páxinas 759 a 826 (Primeira Lingua Estranxeira).
- Páxinas 1200 a 1257 (Segunda Lingua Estranxeira).

E) CONCRECIÓNS METODOLÓXICAS.

Partindo sempre da competencia inicial do alumnado, trataremos de atender á diversidade, facendo o posible para que a nosa metodoloxía se adapte aos diferentes ritmos e estilos de aprendizaxe. Así, darémoslle gran importancia ás metodoloxías activas, a combinación de traballo individual e cooperativo sérvenos para poñer o enfoque na realización de tarefas e a resolución de problemas, facilitado todo polas TIC, e potenciando o papel do profesorado como facilitador.

A metodoloxía debe estimular a participación do alumnado no seu propio e continuo proceso de aprendizaxe.

Partindo sempre das capacidades coas que o alumnado inicia o ano escolar tentamos amplialas gradualmente. A metodoloxía a empregar é pois integradora de todos os aspectos socioculturais que inciden neste proceso e podemos cualificala como:

Activa: O alumnado deberá participar no desenvolvemento da clase sen se limitar a ser unicamente un receptor pasivo da mesma. Ten pois que observar, reflexionar, participar, reempregar e por suposto construír as súas propias mensaxes orais e escritas.

Variada: O que comporta por parte do profesorado a utilización de todo tipo de recursos metodolóxicos que dinamicen o desenvolvemento da clase: medios audiovisuais, material informático, biblioteca, documentos auténticos, etc.

Interactiva: O traballo en grupo do alumnado será estimulado polo profesorado como método importante de aprendizaxe, xa que a interacción entre iguais facilita a adquisición de coñecementos e o desenvolvemento de habilidades comunicativas e sociais.

A finalidade da aprendizaxe dunha lingua estranxeira é a de comunicarse e pasa pola adquisición progresiva e integrada das catro destrezas lingüísticas: a comprensión oral, a comprensión escrita, a expresión oral e a expresión escrita; destrezas que conforman a competencia comunicativa que á vez inclúe diferentes sub-competencias: gramatical, discursiva, sociolingüística, estratéxica e sociocultural.

Primaranse as actividades destinadas a conseguir unhas habilidades suficientes nas catro destrezas na lingua estranxeira.

SECUENCIA HABITUAL DE TRABALLO NA AULA

Motivación:

- Análise dos coñecementos previos.
- Reflexión sobre a necesidade e utilidade do contido que se vai traballar.
- Presentación da actividade.

Información do profesor/a:

- Información básica para todo o alumnado.
- Información complementaria para reforzo e apoio.
- Información complementaria para afondamento e ampliación.

Traballo persoal/grupal:

- Lectura/escoita e comprensión da actividade.
- Análise das diferentes estratexias de resolución.
- Resposta a preguntas/dúbdas.
- Resolución da actividade
- Exposición e análise dos resultados.

Avaliación:

- Probas escritas/orais; exposicións; traballos individuais ou en grupo; observación do traballo na aula; dramatizacións; entrevistas; etc.

F) MATERIAIS E RECURSOS DIDÁCTICOS

Libro de texto e caderno de exercicios en papel e en formato dixital:

1ª LINGUA	1ºESO	Parachute 1. Ed. Santillana
	2ºESO	Parachute 2. Ed. Santillana
	3ºESO	Parachute 3. Ed. Santillana
	4ºESO	Club Parachute 4. Ed. Santillana

2ª LINGUA	1ºESO	Parachute 1. Ed. Santillana
	2ºESO	Parachute 2. Ed. Santillana
	3ºESO	Parachute 3. Ed. Santillana
	4ºESO	Material subministrado polo centro

Libros de lectura:

1ª LINGUA	1ºESO	Adaptation de <i>La momie du Louvre</i> . Pièce de théâtre. Ed Chat noir.
	2ºESO	Au voleur! Ed. Oxford
	3ºESO	Une voix venue d'ailleurs. Ed. Oxford Le guide du mauvais père. Éditions Delcourt Culottées. Ed Gallimard
	4ºESO	Vacances à Montréal. Ed. Oxford
2ª LINGUA	1ºESO	Adaptation de <i>L'effet tour Eiffel</i> . Pièce de théâtre. Ed SM. Adaptation de <i>Voyage en chapeaux</i> . Pièce de théâtre. Ed SM.
	2ºESO	Adaptation de <i>La chaise</i> . Pièce de théâtre. Ed SM.
	3ºESO	Une voix venue d'ailleurs. Ed. Oxford
	4ºESO	Vacances à Montréal. Ed. Oxford

Aulas virtuais: aula virtual Moodle; aula Cesga; Google Classroom.

Videoconferencias: Webex / Falemos.

Materiais dixitais: Reverso, Word Reference, Le Conjugueur, Duolingo, Pronúncialo bien, 7 jours sur la planète, Très bien, Le bon mot, Padlet, Genially, Edpuzzle, Quizlet, Wordwall, Screen-cast-o-matic, Storyjumper, Storybird, Storynory, Loom, Learningapps, Exelearning, RFI, Le français avec Pierre, Le point du FLE, etc.

Materiais do departamento de francés: manuais de consulta, dicionarios, libros de lectura, gramáticas, xogos, películas, CD, DVD, revistas, cómics, etc.

Materiais da biblioteca: libros de lectura adaptada e non adaptada en lingua francesa.

Materiais das aulas: ordenador con proxector e taboleiro dixital e tradicional.

G) CRITERIOS SOBRE A AVALIACIÓN E A CUALIFICACIÓN

AVALIACIÓN CONTINUA

Ao longo de cada avaliación realizaranse distintas probas/actividades orais e escritas en relación aos contidos traballados. Realizarase unha avaliación das aprendizaxes ao final de cada unidade traballada mediante o uso de probas obxectivas, entrega de traballos, realización de exercicios, exposicións orais, lecturas en voz alta, dramatizacións, audicións, etc.

Como a avaliación é continua en tódolos niveis, non haberá sistema de recuperación.

INSTRUMENTOS DE AVALIACIÓN

EXAMES/PROBAS ORAIS E ESCRITAS: Faranse distintas probas en cada avaliación e serán similares ás feitas na aula. Nelas o alumnado terá que amosar as súas destrezas na expresión oral, expresión escrita, comprensión oral e comprensión escrita. Tamén haberá exames ou probas sobre contidos gramaticais ou de vocabulario. Os exames serán o máis parecidos posibles cando examinemos diferentes grupos dun mesmo curso.

CONTROIS: Haberá controis orais ou escritos, que poderán ser sen previo aviso. Estes controis faranse cunha periodicidade que poderá variar segundo o ritmo do curso. Preténdese deste xeito intentar que o alumnado sexa consciente do importante que é o seu avance progresivo e leve a materia ó día.

CADERNO DE AULA (EN PAPEL/DIXITAL): O alumnado terá que desenvolver unhas veces na aula, outras fóra da mesma, actividades de expresión/compreensión oral/escrita, en papel ou dixitalmente, que poden ser redaccións, responder a preguntas de comprensión, tests, exercicios específicos, etc.

LIBRO DE LECTURA: para comprobar se o alumnado leu o libro de lectura, poderemos engadir unha ou dúas preguntas nalgún exame, pedirles que entreguen un traballo, facer unha proba escrita ou unha comprobación a través dunha lista de cotexo. Cando o libro de lectura é unha obra de teatro parte da lectura realizarase na aula e o instrumento de avaliación será a posta en escena.

DIARIO DE CLASE: Observación do traballo diario do alumnado e recollida de datos por parte do profesorado. Para eliminar a subxectividade deste instrumento de avaliación, utilizarase unha rúbrica.

MODELO de RÚBRICA de OBSERVACIÓN DIARIA

(Pode adaptarse segundo as características do grupo ou nivel).

	NON ADQUIRIDO	EN VÍAS de ADQUISICIÓN	ADQUIRIDO	AVANZADO
MATERIAL	Case sempre lle falta o material e/ou non o conserva en boas condicións	A miúdo fáltalle o material e/ou non o conserva en boas condicións	Case sempre ten na súa mesa o material axeitado desde o principio da clase e normalmente o conserva en boas condicións	Ten na súa mesa o material axeitado desde o principio da clase e se esmera en conservalo en boas condicións
TRABALLO	Traballo inexistente o moi incompleto e con mala presentación	O seu traballo está incompleto e/ou non segue as indicacións para a realización das tarefas. A presentación das tarefas non é boa.	Fai o traballo proposto pero tarda en poñerse. Normalmente segue as indicacións para a realización das tarefas. A presentación das tarefas é aceptable.	Empeza a facer o traballo proposto desde o primeiro momento. Amosa interese e esforzase en seguir as indicacións para a realización das tarefas. Esforzase na presentación (limpeza, marxes, ortografía etc.)
	Non respecta aos compañeiros, as súas opinións ou a quenda de palabra. Non respecta as intervencións dos compañeiros. Non respecta os elementos	Cóstalle respectar aos compañeiros, as súas opinións e a quenda de palabra. Cóstalle respectar as intervencións dos compañeiros en canto á forma (posibles erros cometidos ó usar a lingua). Cóstalle respectar os	Case sempre respecta aos compañeiros, as súas opinións e a quenda de palabra. Case sempre respecta as intervencións dos compañeiros en canto á forma (posibles erros cometidos ó usar a lingua). Intenta respectar os	Respecta aos compañeiros, as súas opinións e a quenda de palabra. Respecta as intervencións dos compañeiros en canto á forma (posibles erros cometidos ó usar a lingua). Respecta os elementos socioculturais diferentes. Respecta as normas básicas de convivencia.

RESPECTO	socioculturais diferentes. Non respecta as normas básicas de convivencia.	elementos socioculturais diferentes. Cóstalle respectar as normas básicas de convivencia.	elementos socioculturais diferentes. Case sempre respecta as normas básicas de convivencia.	
PARTICIPACIÓN	Non participa	Participa moi pouco na aula.	Case sempre participa na aula, saíndo ao encerado, preguntando ou cooperando no traballo colaborativo. Ás veces intenta comprender e facerse comprender con estratexias verbais e non verbais (xestos, mímica)	Participa activamente na aula, saíndo ao encerado, preguntando ou cooperando no traballo colaborativo. Amosa interese en comprender e facerse comprender con estratexias verbais e non verbais (xestos, mímica)
INTERACCIÓN	Non emprega nunca ou case nunca o francés na aula.	Moi poucas veces emprega o francés para expresarse.	Ás veces intenta falar en francés para expresarse e interactuar co profesorado e os compañeiros aínda que cometa erros.	Case sempre esforzase en falar francés para expresarse e interactuar co profesorado e os compañeiros. Amosa interese por progresar no coñecemento da lingua intentando comixirse e mellorar, asumindo o erro como elemento indisoluble da propia aprendizaxe.

LISTAS DE COTEXO: Listas de cotexo de verdadeiro ou falso para a avaliación da comprensión oral e escrita.

RÚBRICAS: Rúbricas de avaliación da comprensión oral, da expresión oral, do traballo diario, da comprensión escrita, da produción escrita, dos traballos, etc.

DRAMATIZACIÓNS/XOGOS DE SIMULACIÓN: O alumnado dramatizará algún diálogo do libro de texto ou do de lectura. Ás veces deberán escribir os seus propios textos en grupos e logo dramatizalos diante do grupo clase. Tamén poderán facerse xogos de simulacións reais (axencia de viaxes, estación de trens, restaurantes, etc.)

ENTREVISTAS: Para a avaliación da produción oral faranse entrevistas tipo DELF.

EXPOSICIÓNS/PRESENTACIÓNS: O alumnado deberá presentar oralmente e con apoio de imaxes e texto pequenos traballos, ás veces en grupos ás veces individualmente.

PROCEDEMENTO DE AVALIACIÓN

As materias de Primeira Lingua Estranxeira e Segunda Lingua Estranxeira están organizadas en **CATRO BLOQUES** de actividades de lingua:

- **comprensión de textos orais (BLOQUE 1),**
- **produción de textos orais (expresión e interacción)(BLOQUE2),**
- **comprensión de textos escritos (BLOQUE 3)**
- **produción de textos escritos (expresión e interacción) (BLOQUE4).**

E un **QUINTO BLOQUE (Coñecemento da lingua e consciencia intercultural e plurilingüe)** que abrangue a competencia comunicativa (lingüística, sociolingüística e pragmática), así como as experiencias lingüísticas noutras linguas.

Isto supón que, para cada tarefa comunicativa descrita nos estándares, cumprirá incorporarse o conxunto dos contidos recollidos no quinto bloque para a realización do bloque de actividade lingüística que corresponda. Da mesma maneira, para avaliar o grao de adquisición de cada estándar de aprendizaxe dunha determinada actividade de lingua, deberán aplicarse todos os criterios de avaliación recollidos e descritos para a actividade correspondente, así como aqueles do quinto bloque que correspondan. (DECRETO 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.)

AVALIACIÓNS PARCIAIS

Ao longo do curso realizaranse 3 sesións de avaliación parciais. Este ano as datas das xuntas de avaliación parciais serán as seguintes:

1ª AVALIACIÓN: 15 e 16 de decembro de 2021.

2ª AVALIACIÓN: 21 e 22 de marzo de 2022.

3ª AVALIACIÓN: 6 e 7 de xuño de 2022.

Tras a terceira avaliación, o equipo docente realizará un breve informe de avaliación individualizada para o alumnado coa materia ou con partes da materia non superada que servirá de base para o deseño das correspondentes actividades de recuperación.

A nota das avaliacións parciais corresponderase cas seguintes porcentaxes:

Bloque1+ Bloque5: Comprensión de textos orais, cun peso na cualificación final do 20%.

Bloque2+ Bloque5: Produción de textos orais, cun peso na cualificación final do 20%.

Bloque3+ Bloque5: Comprensión de textos escritos, cun peso na cualificación final do 20%.

Bloque4+ Bloque5: Produción de textos escritos, cun peso na cualificación final do 20%.

Diario de clase: cun peso na cualificación final do 20%.

Para obter a media final de cada avaliación: primeiro farase a media das notas de cada bloque e logo, sumaranse as puntuacións obtidas en cada bloque. **Para poder sumar os distintos bloques o alumnado deberá acadar o grao mínimo de consecución de cada bloque, situado no 50%.** O resultado obtido redondearase á unidade máis baixa (ata 0,6) ou máis alta (a partir de 0,6).

AVALIACIÓN FINAL

O período comprendido entre a terceira avaliación e a avaliación final dedicarase á actividades de apoio, reforzo, recuperación, ampliación e titoría.

- O alumnado con partes da materia non superada na terceira avaliación (comprensión oral, comprensión escrita, produción oral ou produción escrita) dedicará este período a preparar e recuperar estas partes mediante actividades ou probas específicas. O alumnado conservará a nota daqueles bloques avaliados positivamente na terceira avaliación e só terá que superar os bloques avaliados negativamente
- O alumnado que teña superadas estas partes (comprensión oral, comprensión escrita, produción oral ou produción escrita) dedicará este período a actividades de ampliación.

A cualificación definitiva da materia farase efectiva nesta avaliación final. Para poder superar a avaliación final o alumnado deberá obter **o grao mínimo de consecución de todos os bloques, situado no 50%.**

A xunta de avaliación da avaliación final realizarase o 23 de xuño de 2022.

A nota da avaliación final corresponderase cas seguintes porcentaxes:

Bloque1+ Bloque5: Comprensión de textos orais, cun peso na cualificación final do 25%.

Bloque2+ Bloque5: Produción de textos orais, cun peso na cualificación final do 25%.

Bloque3+ Bloque5: Comprensión de textos escritos, cun peso na cualificación final do 25%.

Bloque4+ Bloque5: Produción de textos escritos, cun peso na cualificación final do 25%.

CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN:

As probas, exames, exercicios, traballos, a expresión oral, a observación de aula, etc. cualificaranse cunha nota numérica (sobre 20) ou cunha observación (excellent (18-20), très bien (16-18), bien (14-16), assez bien (12-14), passable (10-12), mediocre (6-8), insuffisant (0-6).

No caso de detectar que o alumnado está a realizar unha proba ou tarefa de xeito fraudulento (emprego de dispositivos multimedia, copiar dun compañeiro, copiar de internet, etc.) o profesorado procederá a retirarlle a proba ou tarefa e a cualificación será de 0. Non terá dereito a repetir a proba.

O abandono da materia suporá a avaliación negativa. Se valorará como abandono da materia:

- A entrega de xeito reiterado de exames en branco, ou cunha nota de "0" nalgún bloque. A non realización dun mínimo do 50% dos traballos, deberes ou tarefas encomendados.
- Incurrir de modo reiterado en conductas disruptivas na aula de xeito que se impida o normal desenvolvemento da clase (non traer o material, impedir o dereito dos compañeiros de atender á clase...).

A materia de libre configuración **Reforzo oral da segunda lingua estranxeira** consistirá en actividades de reforzo dos bloques 1 e 2 (a nota suporá un 10% de ditos bloques), consensuadas entre o profesorado de lingua francesa e de reforzo, coa finalidade de mellorar a competencia oral do alumnado.

H) INDICADORES DE LOGRO PARA AVALIAR O PROCESO DO ENSINO E A PRÁCTICA DOCENTE.

INDICADORES DE LOGRO DO PROCESO DE ENSINO				
	1	2	3	4
1 O nivel de dificultade foi adecuado ás características do alumnado.				
2 Conseguiuse crear un conflito cognitivo que favoreceu a aprendizaxe.				
3 Conseguiuse motivar para lograr a actividade intelectual e física do alumnado.				
4 Conseguiuse a participación activa de todo o alumnado.				
5 Contouse co apoio e coa implicación das familias no traballo do alumnado.				
6 Mantívose un contacto periódico coa familia por parte do profesorado.				
7 Adoptáronse as medidas curriculares adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
8 Adoptáronse as medidas organizativas adecuadas para atender ao alumnado con NEAE.				
9 Atendeuse adecuadamente á diversidade do alumnado.				
10 Usáronse distintos instrumentos de avaliación.				
11 Dáse un peso real á observación do traballo na aula.				
12 Valorouse adecuadamente o traballo colaborativo do alumnado dentro do grupo.				

INDICADORES DE LOGRO DA PRÁCTICA DOCENTE				
	1	2	3	4
1 Como norma xeral, fanse explicacións xerais para todo o alumnado.				
2 Ofrécense ao alumnado as explicacións individualizadas que precisa.				
3 Elabóranse actividades atendendo á diversidade.				
4 Elabóranse probas de avaliación adaptadas ás necesidades do alumnado con NEAE.				
5 Utilízanse distintas estratexias metodolóxicas en función dos temas a tratar.				
6 Combínase o traballo individual e en equipo.				
7 Poténcianse estratexias de animación á lectura.				
8 Poténcianse estratexias tanto de expresión como de comprensión oral e escrita.				
9 Incorpóranse as TIC aos procesos de ensino - aprendizaxe.				
10 Préstase atención aos elementos transversais vinculados a cada estándar.				
11 Ofrécense ao alumnado de forma rápida os resultados das probas / traballos, etc.				
12 Analízanse e coméntanse co alumnado os aspectos máis significativos derivados da corrección das probas, traballos, etc.				
13 Dáselle ao alumnado a posibilidade de visualizar e comentar os seus acertos e erros.				
14 Grao de implicación do profesorado nas funcións de titoría e orientación.				
15 Adecuación, logo da súa aplicación, das ACS propostas e aprobadas.				
16 As medidas de apoio, reforzo, etc. están claramente vinculadas aos estándares.				
17 Avalíase a eficacia dos programas de apoio, reforzo, recuperación, ampliación...				

I) ORGANIZACIÓN DAS ACTIVIDADES DE SEGUIMENTO, RECUPERACIÓN E AVALIACIÓN DAS MATERIAS PENDENTES

Para recuperar a materia o alumnado poderá optar por:

a) Entregar, nas datas sinaladas, os boletíns de exercicios propostos polo profesorado e realizar os exames parciais. Estes boletíns axudarán á preparación das probas escritas de recuperación, tanto dos dous parciais como da final de maio.

O alumnado obterá o cualificativo de APTO ou NON APTO nos boletíns (segundo estean rematados, completados e correctamente entregados en forma e fondo) e esta cualificación apoiará os resultados das probas parciais para obter a puntuación numérica do 5/10 para seren consideradas APTAS co grao mínimo de consecución das competencias acadado entre os dous parciais (50%+50%) ou na propia proba final.

De non entregaren os traballos sería necesario aprobar cada unha das probas parciais por separado.

b) Presentarse só aos exames parciais. Cada parcial cualifícase sobre 10 puntos. Hai que aprobar cada parcial cun 5 para facer media entre os dous.

c) Presentarse só ao exame final de maio. O exame cualifícase sobre 10 puntos e hai que obter un 5 para aprobar.

Datas de entrega dos traballos:

- o primeiro traballo: data límite de entrega, 3 de decembro.
- o segundo traballo: data límite de entrega 22 de abril.

Datas dos parciais:

- o Primeiro parcial: do 10 ao 14 de xaneiro
- o Segundo parcial: do 19 ao 22 de abril

Data do exame final:

- o Mes de maio

Co fin de aclarar dúbidas ou de explicar aquilo que o alumnado precise, os membros do departamento estarán a disposición do alumnado durante o horario establecido pola Xefatura de Estudos.

No mes de outubro envíase por correo/abalar ás familias do alumnado unha carta para informar sobre as datas e procedementos para o seguimento, recuperación e avaliación da materia pendente.

O alumnado coa materia de francés pendente de cursos anteriores e que segue cursando francés no curso actual pode recuperala materia pendente aprobando a primeira avaliación do curso actual.

O profesorado de referencia, para o alumnado que ten a materia de cursos anteriores pendente pero cursa francés no curso actual, será o que lle imparte clase actualmente. Este profesorado será o que faga o seguimento, estea en contacto co alumnado e prepare os traballos ou a avaliación do seu alumnado.

O profesorado de referencia, para o alumnado que ten a materia de cursos anteriores pendente pero NON cursa francés no curso actual, será o xefe do departamento de francés.

ALUMNADO CO FRANCÉS PENDENTE NO CURSO 202-2022		
CURSO ACTUAL	MATERIA PENDENTE	ALUMNADO

J) ORGANIZACIÓN DOS PROCEDEMENTOS QUE PERMITAN AO ALUMNADO ACREDITAR OS COÑECEMENTOS NECESARIOS EN DETERMINADAS MATERIAS, NO CASO DO BACHARELATO.

Non procede. No noso centro só se imparte a Ensinanza secundaria obrigatoria.

K) DESEÑO DA AVALIACIÓN INICIAL E MEDIDAS INDIVIDUAIS OU COLECTIVAS QUE SE POIDAN ADOPTAR COMO CONSECUENCIA DOS SEUS RESULTADOS.

A avaliación inicial realizarase ao longo das dúas primeiras semanas do curso. Este proceso comprenderá as seguintes accións que permitan identificar as dificultades do alumnado, así como as súas necesidades de atención educativa:

- a) Análise dos informes de avaliación individualizados do curso anterior.
- b) Detección das aprendizaxes imprescindibles non adquiridas no curso anterior, así como a súa correspondencia coa falta do desenvolvemento das correspondentes competencias clave.
- c) Coñecemento personalizado do alumnado e da súa situación emocional co fin de tomar as decisións profesionais de actuación por parte do profesorado.

En 1º de ESO, o alumnado comeza a súa aprendizaxe na materia, primeira ou segunda lingua, sen tela cursado previamente, de aí a importancia de avaliar, nas primeiras sesións, os coñecementos previos que poida ter sobre Francia e a lingua francesa e o grao de dificultade que lle ofrecen os contidos programados, moi particularmente, nos bloques de comprensión de textos orais ou escritos. Tamén se observará a través de distintas actividades e interaccións que se produzan na aula, o nivel de competencia lingüística do alumnado na propia lingua materna así como a súa actitude, o seu grao de atención e de concentración e o seu interese.

A unidade 0 do manual empregárase como proba de Avaliación Inicial que axude a reactivar coñecemento adquiridos dos que non son conscientes. Esta unidade permitirá completar a información obtida na aula, e xunto coa información obtida do historial académico do alumnado e do seu contorno persoal poderanse tomar decisións sobre as medidas a adoptar: reforzo na aula, adaptación curricular ou exención de cursar o 2º idioma.

No resto dos niveis poderanse realizar distintos tipos de probas ou actividades en relación os bloques 1, 2, 3, 4 e 5. Poden ser probas tipo test; de preguntas e respostas; exercicios en grupo, en parella ou individuais; exercicios de posta en común; observación; presentacións; diálogos; escoitas; etc.

As unidades 0 dos libros de texto repasan o aprendido no curso anterior e empregárase como parte da avaliación inicial en cada grupo.

Os resultados das probas de Avaliación Inicial nos distintos niveis permitirán detectar aqueles aspectos traballados insuficientemente e reforzar o traballo daqueles estándares de niveis precedentes que non presentan un grao mínimo de consecución así como atender á diversidade e a adaptación de recursos e reforzos, se fosen necesarios.

As medidas a adoptar tras os resultados serían:

- Secuenciacións de obxectivos e contidos previstos en función dos perfís do alumnado
- Afianzamento dos contidos mínimos
- Favorecemento do desenvolvemento das competencias claves.
- Aspectos metodolóxicos: traballos cooperativos, priorización dos procedementos.
- Tarefas secuenciadas en pequenos pasos e distintos niveis de dificultade .Variedade de tarefas e actividades, orais, escritas, creativas, abertas e favorables a distintos ritmos de aprendizaxe. Actividades de reforzo e ampliación.

- Organización: ubicación de distintos tipos de distribución en función do tipo de actividade a realizar. Distintos espazos, agrupamentos e actividades dentro da aula; agrupamentos heteroxéneos e homoxéneos; tutorización entre iguais, traballos en pequeno grupo, fomento de experiencias de aprendizaxe cooperativo
- Temporalización: previsión de tempos en función dos ritmos de aprendizaxe, con tempo para traballos en pequenos grupos, para atención individualizada, etc.
- Fomento do uso de materiais que atendan á diversidade da aula con apoio visual, motivador, etc. Deben ser variados: libros de consulta, textos, exercicios de reforzo e ampliación, gráficas, mapas, material audiovisual...
- Adaptacións nos procedementos e instrumentos de avaliación: Uso de diversos instrumentos: análises de tarefas, observación sistemática, cadernos, probas escritas e orais, priorizando a auto corrección e a auto avaliación; e que sirvan tanto para avaliación formativa como sumativa.

L) MEDIDAS DE ATENCIÓN Á DIVERSIDADE.

Alumnado con necesidades específicas de apoio educativo identificadas polo Departamento de Orientación en cada nivel:

ALUMNADO NEAE: 35	CURSO			
	1º	2º	3º	4º
Dificultades de aprendizaxe	4	6	8	3
TDAH	2	-	2	1
Especiais condicións persoais ou de historia escolar	1	1	2	-
Incorporación tardía	1	1	-	-
Altas capacidades	-	1	-	-
NEE D. intelectual	1	-	-	-
NEE TEA	-	-	1	-

O alumnado que presenta DA + TDAH figura no apartado de DA ou no de TDAH exclusivamente.

MEDIDAS de ATENCIÓN Á DIVERSIDADE ORDINARIAS da MATERIA

ORGANIZATIVAS

Non está prevista ningunha medida organizativa ordinaria de atención á diversidade para a materia de francés.

Con todo, no centro ofértase a primeira e a segunda lingua estranxeira tanto na materia de inglés coma de francés de 1º a 4º da ESO. Isto fai que os grupos de linguas estranxeiras sexan de pouco alumnado e permite unha atención máis individualizada.

CURRICULARES

Aplicaranse, de ser o caso, as medidas propostas polo departamento de Orientación que aparecen no Anexo II.

Ademais, cando se detecte que certo alumnado presenta necesidades educativas especiais que non lle impiden acadar un grao mínimo de consecución dos estándares de aprendizaxe, faranse pequenos cambios metodolóxicos que lle faciliten o seguimento das actividades da aula, como non copiar enunciados ou facer na casa actividade prescritas para a aula

Para o alumnado mencionado, poderase incrementar o tempo para a realización das probas escritas ou suprimir ou adaptar algunha pregunta, sen que iso signifique variación dos contidos avaliados.

MEDIDAS de ATENCIÓN Á DIVERSIDADE EXTRAORDINARIAS

ORGANIZATIVAS

Non está prevista ningunha medida extraordinaria de atención á diversidade.

Con todo, despois da avaliación inicial, así como ao longo do curso determinarase se hai alumnado que precise algunha medida organizativa extraordinaria. As medidas a adoptar decidiranse de común acordo entre o profesorado da materia, o titor e o departamento de orientación. Deixarase constancia das medidas adoptadas na reunión do departamento didáctico.

CURRICULARES

Cando o desfase curricular sexa moi grande realizaranse, previo informe psicopedagóxico, as oportunas adaptacións curriculares. Este alumnado permanecerán no grupo de referencia facendo traballo deseñado especificamente para eles, naquelas cuestións nas que non poidan seguir o ritmo normal da clase.

M) CONCRECIÓN DOS ELEMENTOS TRANSVERSAIS QUE SE TRABALLARÁN NO CURSO QUE CORRESPONDA.

Os temas transversais se traballarán co apoio do libro de texto ou con outros materiais que se usen na aula.

Un lugar preferente ocuparán tanto a **comprensión lectora** como a **expresión oral e escrita**, xa que o alumnado debe expresarse en francés tanto de forma oral como por escrito e comprender textos de distintas naturezas.

Lugar destacado teñen as **Tecnoloxías da información e comunicación** xa que favorecen enormemente a implicación do alumnado na aprendizaxe e son esenciais no momento actual. Os libros de texto traballan este elemento e nós traballamos tódolos días con ferramentas dixitais nas nosas clases e a través da aula virtual.

Gustaríanos tamén que dentro do tema do **emprendemento**, o noso alumnado creza seguro de si mesmo e que valoren a calidade do “esfuerzo” e da “constancia” no traballo diario.

Por mor da pandemia provocada pola Covid-19 e seguindo as indicacións das Instrucións do 31/08/2020 no seu punto 26, o profesorado “de acordo coas capacidades do grupo” aproveitará “calquera contido para inculcar no alumnado a concienciación sobre o **carácter social da pandemia e o beneficio común do cumprimento das normas**”.

Pero parécenos que é especialmente importante no IES de Carral traballar os seguintes temas promovendo unha aprendizaxe da prevención e resolución pacífica de conflitos en tódolos ámbitos da vida, así como promovendo os valores que sustentan nosa sociedade:

PREVENCIÓN DE CALQUERA TIPO DE VIOLENCIA

Obxectivo xeral:

Aprender actitudes básicas para unha convivencia libre, democrática, solidaria e participativa.

Valores e actitudes:

- Comprensión, aceptación e respecto cara ós demais.
- escoita e diálogo como medios para crear un clima propicio para o desenvolvemento das relacións interpersoais.
- Afectividade nas relacións interpersoais.
- Interese pola diversidade.
- Apertura e flexibilidade ante as opinións dos outros.
- Toma de conciencia dos problemas de violencia e inxustiza existentes.
- Rexeitamento da violencia en todo tipo de situacións e conflitos.
- Desenvolvemento da autonomía persoal e da autoafirmación.
- Confianza nas propias capacidades para afrontar problemas e conflitos.

Obxectivos didácticos:

- Descubrir e valorar as propias capacidades como medios eficaces para contribuír ó desenvolvemento harmónico da vida.
- Desenvolver a afectividade no encontro coas persoas que nos rodean.
- Reflexionar sobre as situacións de conflito que poidan presentarse tentando de solucionarlas de forma creativa e non violentas mediante a mediación.
- Coñecer e potenciar os dereitos humanos e a solidariedade.

- Respetar a todas as persoas e en concreto aos compañeiros da clase con independencia da súa nacionalidade ou orixe cultural; recoñecendo, ademais, que a multiculturalidade pode ser un elemento de enriquecemento social.

EDUCACIÓN MORAL E CÍVICA

Obxectivos didácticos:

- Mostrar interese participando activamente na clase e seguindo correctamente as instrucións do profesorado.
- Aceptar os gustos e preferencias (cousas favoritas) dos demais.
- Mostrar interese e elevar críticas positivas sobre os traballos (pósters, presentacións...) que realizan os compañeiros.

EDUCACIÓN PARA A IGUALDADE DE AMBOS OS DOUS SEXOS

Obxectivo xeral:

Desterrar o tratamento discriminatorio que sofren as persoas en función do seu sexo ou de calquera outra circunstancia considerada como discriminatoria.

Valores e actitudes:

- Autonomía e independencia no exercicio das nosas potencialidades persoais por encima de calquera tipo de prexuízo sexista.
- Actitude crítica e de rexeitamento ante os prexuízos e estereotipos sexistas que se producen na sociedade e, en especial divulgados nos medios de comunicación.
- Rexeitamento de todo tipo de actitudes sociais discriminatorias.
- Valoración positiva da diversidade de orientacións sexuais.

Obxectivos didácticos:

- Descubrir e potenciar as capacidades persoais sen deixarse influír por condicionantes de carácter sexista.
- Ser capaces de identificar e de realizar unha análise crítica das manifestacións sexistas e discriminatorias que se produzan na linguaxe.
- Participar de forma solidaria e construtiva nas actividades de grupo
- Descubrir e interpretar a diversidade como elemento enriquecedor.

EDUCACIÓN PARA A MULTICULTURALIDADE

Obxectivo xeral:

Adquirir unha cultura de referencia europea para poder ser ampliada á unha cultura universal.

Valores e actitudes:

- Comprensión, aceptación e respecto cara ás demais culturas.
- Apertura e flexibilidade ante ás contribucións dos países membros da comunidade europea e daqueles que non forman parte da mesma.
- Aceptación do intercambio de costumes, ideas,...distintas.

- Apertura e dispoñibilidade para o traballo cooperativo.
- Apertura e dispoñibilidade para o intercambio no mercado de traballo.

Obxectivos didácticos:

- Desenvolver a conciencia de identidade europea e de cidadanía do mundo cos seus valores, dereitos e obrigas.
- Preparar para a cooperación cívica, tecnolóxica e profesional entre os países europeos, en primeiro termo, e entre o resto dos países do mundo.
- Familiarizarse coa xeografía, historia, lingua e institucións dos países europeos e ser capaces de contrastar aspectos duns países cos outros para poder establecer similitudes e diferenzas.
- Fomentar a necesidade de comunicarse e de se facer entender.

N. ACTIVIDADES COMPLEMENTARIAS PROGRAMADAS.

- Este ano participaremos no Programa edu-exchange en liña cun Instituto do Quebec. Será ademais unha colaboración entre tres institutos da comarca: O IES de Carral, o CPI Alcalde Xosé Pichel e o IES Xosé Neira Vilas de Oleiros.
- Proporase ao alumnado no mes de outubro a posibilidade de participar nun club de lectura de teatro en francés, no que se lerán, adaptarán e representará o/s texto/s, traballados ao longo do curso.

Así mesmo, valorarase a posibilidade de participar noutras actividades complementarias, sempre e cando se poidan garantir as medidas preventivas, colectivas e individuais, que deben adoptarse, tanto polo persoal docente e non docente como polo alumnado e as súas familias, co obxectivo de protexer e previr no máximo posible o risco de contaxio por COVID-19. Aquelas que finalmente se realicen aparecerán reflectidas na Memoria de fin de curso deste Departamento.

Algunha das actividades que se valorarán serán:

- Concurso de tarxetas de Nadal y de *Chansons de Noël*.
- Atelier de crêpes a cargo da empresa *La Marinière*.
- Asistir á representación dunha obra de teatro en francés.
- Celebración de *La journée de la musique* en xuño.
- Celebración da *Semaine de la langue française et la Journée de la francophonie*.
- *Chasse au trésor de Pâques*.

Ñ) MECANISMOS DE REVISIÓN, DE AVALIACIÓN E DE MODIFICACIÓN DAS PROGRAMACIÓNS DIDÁCTICAS EN RELACIÓN COS RESULTADOS ACADÉMICOS E PROCESOS DE MELLORA

A programación revisarase trimestralmente nas reunión de departamento y faranse as adaptacións necesarias no eido que se precisen. A memoria final recollerá as posibles modificacións introducidas na programación ao longo do curso, os motivos para introducilas e as propostas de mellora.

AVALIACIÓN DA PROGRAMACIÓN DIDÁCTICA	1	2	3	4
1 Adecuación do deseño das unidades didácticas, temas ou proxectos a partir dos elementos do currículo.				
2 Adecuación da secuenciación e da temporalización das unidades didácticas				
3 O desenvolvemento da programación respondeu á secuenciación e a temporalización				
4. Adecuación da secuenciación dos estándares para cada unha das unidades, temas ou proxectos.				
5. Adecuación do grao mínimo de consecución fixado para cada estándar.				
6. Asignación a cada estándar do peso correspondente na cualificación.				
7. Vinculación de cada estándar a un ou varios instrumentos para a súa avaliación.				
8. Asociación de cada estándar cos elementos transversais a desenvolver.				
9. Fixación dunha estratexia metodolóxica común para todo o departamento.				
10. Adecuación da secuencia de traballo na aula.				
11. Adecuación dos materiais didácticos utilizados.				
12. Adecuación do libro de texto (no caso de que se use).				
13. Adecuación do plan de avaliación inicial deseñado, incluídas as consecuencias da proba.				
14. Adecuación da proba de avaliación inicial, elaborada a partir dos estándares.				
16. Adecuación das pautas xerais establecidas para a avaliación continua: probas, traballos, etc.				
17. Adecuación dos criterios establecidos para a recuperación dun exame e dunha avaliación.				
18. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación final.				
19. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación extraordinaria.				
20. Adecuación dos criterios establecidos para o seguimento de materias pendentes.				
21. Adecuación dos criterios establecidos para a avaliación desas materias pendentes.				
22. Adecuación dos exames, tendo en conta o valor de cada estándar.				
23. Adecuación dos programas de apoio, recuperación, etc. vinculados aos estándares.				
24. Adecuación das medidas específicas de atención ao alumnado con NEAE.				
25. Grao de desenvolvemento das actividades complementarias e extraescolares previstas.				
26. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre criterios de avaliación, estándares e instrumentos.				
27. Adecuación dos mecanismos para informar ás familias sobre os criterios de promoción.				
28. Adecuación do seguimento e da revisión da programación ao longo do curso.				
29. Contribución desde a materia ao plan de lectura do centro.				
30. Grao de integración das TIC no desenvolvemento da materia.				